

I.E.S. OTERO PEDRAYO - OURENSE
PROGRAMACIÓN DE XEOGRAFÍA E HISTORIA
HISTORIA DA ARTE II BACHARELATO
CURSO 2018-2019

Materia impartida polos profesores

Agustina Rodríguez Viña
Álvaro Pérez Cancelas

Profesorado do Departamento

Ramón Estévez Barreira
Agustina Rodríguez Viña
Daniel Lorenzo Valdivieso
José Cacheiro Fernández
Carolina Suárez García
José Vázquez-Monjardín Fernández
Álvaro Pérez Cancelas

ÍNDICE

1. Introducción e contextualización.....	3
2. Vinculación entre obxectivos, secuenciación e temporalización de contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe e grao mínimo de consecución de cada un, competencias clave, elementos transversais, instrumentos de avaliación e criterios de cualificación.....	6
3. Metodoloxía didáctica. Materiais e recursos didácticos.....	41
4. Procedementos de avaliación e cualificación.....	43
5. Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e práctica docente.....	45
6. Elementos transversais.....	46
7. Actividades complementarias e extraescolares.....	47
8. Medidas de atención á diversidade.....	48
9. Contribución ao plan lector.....	48
10. Contribución ao plan TICs.....	49

1. Introducción e contextualización

O Decreto 86/2015, do 25 de xuño 2015 (DOG 29-VI-2015), marca como finalidade do Bacharelato: proporcionarlle ao alumnado formación, madureza intelectual e humana, coñecementos e habilidades que lle permitan desenvolver funcións sociais e incorporarse á vida activa con responsabilidade e competencia. Así mesmo, capacitará o alumnado para acceder á educación superior.

Obxectivos

O bacharelato contribuirá a desenvolver no alumnado as capacidades que lle permitan:

- a) Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución española e do Estatuto de autonomía de Galicia, así como polos dereitos humanos, que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa e favoreza a sustentabilidade.
- b) Consolidar unha madureza persoal e social que lle permita actuar de forma responsable e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico. Ser quen de prever e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais.
- c) Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar criticamente as desigualdades e discriminacións existentes e, en particular, a violencia contra a muller, e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, con atención especial ás persoas con discapacidade.
- d) Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- e) Dominar, tanto na súa expresión oral como na escrita, a lingua galega e a lingua castelá.
- f) Expresarse con fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras.
- g) Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e da comunicación.
- h) Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de xeito solidario no desenvolvemento e na mellora do seu contorno social.
- i) Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais, e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida.

l) Comprender os elementos e os procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e da tecnoloxía ao cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto cara ao medio ambiente e a ordenación sustentable do territorio, con especial referencia ao territorio galego.

m) Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.

n) Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural.

ñ) Utilizar a educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social, e impulsar condutas e hábitos saudables.

o) Afianzar actitudes de respecto e prevención no ámbito da seguridade viaria.

p) Valorar, respectar e afianzar o patrimonio material e inmaterial de Galicia, e contribuír á súa conservación e mellora no contexto dun mundo globalizado.

Historia da Arte

Introdución

Historia da Arte ten por obxecto de estudo a obra de arte como produto resultante da intelixencia, da creatividade e da actuación humanas, que se manifestaron de xeito diferente nas diversas sociedades e culturas ao longo do tempo.

O estudo da historia da arte débelle achegar ao alumnado os coñecementos necesarios para a análise, a interpretación e a valoración da arte a través da linguaxe das formas e do pensamento visual. A obra de arte, xunto con outras fontes de coñecemento histórico, constitúe un valioso testemuño para coñecer a mentalidade, a cultura e a evolución das sociedades: é, daquela, imprescindible estudala no seu contexto histórico, social e cultural, incidindo á vez no feito de que as obras artísticas poden perdurar a través do tempo con usos e funcións sociais diferentes en cada época. Tampouco hai que esquecer que na sociedade actual, altamente tecnificada, o ámbito das artes plásticas tradicionais se viu agrandado coa achega doutras manifestacións procedentes das novas tecnoloxías e dos medios de comunicación visual, de maneira que o universo da imaxe forma parte da nosa realidade cotiá.

Propónse unha selección que permita unha aproximación xeral ao desenvolvemento da arte occidental, desde o nacemento do clasicismo na antigüidade grecorromana ata a arte contemporánea. Neste sentido, resulta preferible centrar o estudo nas características esenciais dos períodos, estilos ou correntes máis significativos da arte occidental, así como na súa evolución, a través da análise dun número limitado de obras representativas ou nomeadamente salientables, aínda que iso obrigue a renunciar de antemán a certos/as artistas e obras de interese indiscutible.

A complexidade dos factores que interveñen na creación da obra de arte e a especificidade de cada linguaxe artística esixen utilizar un método de análise que integre distintas perspectivas, entre as que poden sinalarse, polo menos, a formal, a sociolóxica e a iconolóxica. A perspectiva formal oríentase a ver, recoñecer e valorar a materialidade das formas artísticas como unha linguaxe específica, a descubrir os seus procesos e as técnicas de creación, a función ou as funcións para as que foron creadas, así como as concepcións estéticas que manifestan. A perspectiva sociolóxica aborda a relación entre os/as artistas e a os/as clientes, as persoas destinatarias da obra, as formas de patrocinio, a consideración social do/da artista, ou a demanda e o consumo de arte. Canto á perspectiva iconolóxica, parte da análise iconográfica para indagar no significado último que o/a autor/a da obra pretende transmitir.

O coñecemento da historia da arte consolida nos alumnos e nas alumnas certos valores e actitudes fundamentais, como a tolerancia e o respecto polos valores e as crenzas das demais persoas, a capacidade de satisfacción ante a contemplación da arte, o respecto pola creación artística, aínda que non exento de espírito crítico, e de forma moi especial a valoración do patrimonio artístico e a responsabilidade da súa conservación, xa que se trata dun legado que se lles debe transmitir ás xeracións futuras. A materia é, xa que logo, rica en achegas ao coñecemento competencial.

A competencia clave de conciencia e expresións culturais recibe un tratamento moi específico, relacionado cos contidos que son propios da historia da arte. A competencia social e cidadá desenvólvese tamén en tanto que a arte reflicte as ideoloxías, as estruturas económicas e políticas e as formas de organización social que conforman as sociedades. Ademais, as competencias lingüística, dixital e de aprender a aprender están presentes de maneira

constante na súa vertente máis instrumental, e deben impregnar todo o que sexa posible o desenvolvemento curricular

da materia. A competencia clave de sentido de iniciativa e espírito emprendedor debe estar moi presente nas vertentes máis actitudinais e procedementais da materia.

O tratamento metodolóxico da materia débese axustar ao nivel competencial inicial do alumnado, respectando os distintos ritmos e estilos de aprendizaxe e tendo en conta a atención á diversidade. Historia da Arte permite desenvolver metodoloxías activas, nas que o traballo individual e cooperativo estean permanentemente presentes, con elaboración de diferentes tipos de materiais, e integrando de xeito especial as TIC.

2. Vinculación entre obxectivos, secuenciación e temporalización de contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe e grao mínimo de consecución de cada un, competencias clave, elementos transversais, instrumentos de avaliación e criterios de cualificación.

Obxectivos

O bacharelato contribuirá a desenvolver no alumnado as capacidades que lle permitan:

- a) Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución española e do Estatuto de autonomía de Galicia, así como polos dereitos humanos, que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa e favoreza a sustentabilidade.
- b) Consolidar unha madureza persoal e social que lle permita actuar de forma responsable e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico. Ser quen de prever e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais.
- c) Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar criticamente as desigualdades e discriminacións existentes e, en particular, a violencia contra a muller, e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, con atención especial ás persoas con discapacidade.
- d) Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

- e) Dominar, tanto na súa expresión oral como na escrita, a lingua galega e a lingua castelá.
- f) Expresarse con fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras.
- g) Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e da comunicación.
- h) Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de xeito solidario no desenvolvemento e na mellora do seu contorno social.
- i) Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais, e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida.
- l) Comprender os elementos e os procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e da tecnoloxía ao cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto cara ao medio ambiente e a ordenación sustentable do territorio, con especial referencia ao territorio galego.
- m) Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.
- n) Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural.
- ñ) Utilizar a educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social, e impulsar condutas e hábitos saudables.
- o) Afianzar actitudes de respecto e prevención no ámbito da seguridade viaria.
- p) Valorar, respectar e afianzar o patrimonio material e inmaterial de Galicia, e contribuír á súa conservación e mellora no contexto dun mundo globalizado.

Competencias clave

1. Comunicación lingüística (CCL).
2. Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT).
3. Competencia dixital (CD).
4. Aprender a aprender (CAA).
5. Competencias sociais e cívicas (CSC).
6. Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE).

Aínda que desenvolvemos os contidos de toda a materia de Historia da Arte, faremos fincapé nas láminas recomendadas para as probas de selectividade, ante a situación extraordinaria con respecto á LOMCE dos dous últimos cursos. Subliñaremos en cada bloque as láminas que os alumnos deben coñecer necesariamente, e que se consideran o grao mínimo de consecución para superar a materia.

Bloque 1. Raíces da arte europea: o legado da arte clásica

B1.1. Grecia, creadora da linguaxe clásica: principais manifestacións.

HAB1.1.1. Explica as características esenciais da arte grega e a súa evolución no tempo a partir de fontes históricas ou historiográficas. Temporalización: media hora de clase. Grao mínimo de consecución para superar a materia: recoñecer e explicar as concepcións estéticas e as características esenciais da arte grega en relación co seu contexto histórico e cultural. Procedementos e instrumentos de avaliación: probas escritas e exames visuais.

HAB1.1.2. Define o concepto de orde arquitectónica e compara as tres ordes da arquitectura grega. Temporalización: media hora de clase. Grao mínimo de consecución para superar a materia: Concretar que é a orde arquitectónica e diferenciar as tres ordes da arquitectura grega. Procedementos e instrumentos de avaliación: probas escritas e exames visuais.

HAB1.1.3. Describe os tipos de templo grego, con referencia ás características arquitectónicas e a decoración escultórica. Temporalización: media hora de clase. Grao mínimo de consecución para superar a materia: diferenciar os tipos de templo grego, as súas características arquitectónicas e a decoración escultórica. Procedementos e instrumentos de avaliación: probas escritas e exames visuais.

HAB1.1.4. Describe as características do teatro grego e a función das súas partes. Temporalización: quince minutos de clase. Grao mínimo de consecución para superar a materia: explicar as características do teatro grego e a función das súas partes. Procedementos e instrumentos de avaliación: probas escritas e exames visuais.

HAB1.1.5. Explica a evolución da figura humana masculina na escultura grega a partir do "Kouros" de Anavysos, o "Doríforo" de Policleto e o "Apoxiomenos" de Lisipo. Temporalización: quince minutos de clase. Grao mínimo de consecución para superar a materia: explicar a evolución da figura humana masculina na escultura grega. Procedementos e instrumentos de avaliación: probas escritas e exames visuais.

B1.2. A función social da arte en Grecia

HAB1.2.1. Especifica quen eran os/as principais clientes da arte grega, e a consideración social da arte e dos/das artistas. Temporalización: quince minutos de clase. Grao mínimo de consecución para superar a materia: explicar a función social da arte grega, especificando o papel desempeñado polos clientes e artistas, e as relacións entre eles. Procedementos e instrumentos de avaliación: probas escritas e exames visuais.

B1.3. Comentario de obras de arte: Grecia.

HAB1.3.1. Identifica, analiza e comenta as seguintes obras arquitectónicas gregas: Partenón, Tribuna das Cariátides do Erecteion, templo de Atenea Niké e teatro de Epidauro. Temporalización: dúas horas de clase. Grao mínimo de consecución para superar a materia: clasificar, analizar e comentar as obras mencionadas dende diferentes enfoques (técnico, formal, semántico, cultural, sociolóxico e histórico). Procedementos e instrumentos de avaliación: comentarios de texto.

HAB1.3.2. Identifica, analiza e comenta as seguintes esculturas gregas: Kouros de Anavysos, Auriga de Delfos, Discóbolo (Mirón), Doríforo (Policleto), unha metopa do Partenón (Fídias), Hermes con Dioniso neno (Praxíteles), Apoxiomenos (Lisipo), Vitoria de Samotracia, Venus de Milo e friso do altar de Zeus en Pérgamo (detalle de Atenea e Gea). Temporalización: tres horas de clase. Grao mínimo de consecución para superar a materia: clasificar, analizar e comentar as obras mencionadas dende diferentes enfoques (técnico, formal, semántico, cultural, sociolóxico e histórico). Procedementos e instrumentos de avaliación: comentarios de texto.

B1.4. Visión do clasicismo en Roma. A arte na Hispania romana e na Gallaecia.

HAB1.4.1. Explica as características esenciais da arte romana e a súa evolución no tempo a partir de fontes históricas ou historiográficas. Temporalización: media hora de clase. Grao mínimo de consecución para superar a materia: recoñecer e explicar as concepcións estéticas e as características esenciais da arte romana en relación co seu contexto histórico e cultural. Procedementos e instrumentos de avaliación: probas escritas e exames visuais.

HAB1.4.2. Especifica as achegas da arquitectura romana en relación coa grega. Temporalización: media hora de clase. Grao mínimo de consecución para superar a materia: explicar as achegas da arte romana, diferenciándoas das gregas. Procedementos e instrumentos de avaliación: probas escritas e exames visuais.

HAB1.4.3. Describe as características e funcións dos principais tipos de edificio romanos. Temporalización: media hora de clase. Grao mínimo de consecución para superar a materia:

explicar as características básicas que teñen os edificios romanos máis salientables. Procedementos e instrumentos de avaliación: probas escritas e exames visuais.

HAB1.4.4. Compara o templo e o teatro romanos cos respectivos gregos. Temporalización: quince minutos de clase. Grao mínimo de consecución para superar a materia: diferenciar o templo romano do templo grego. Procedementos e instrumentos de avaliación: probas escritas e exames visuais.

HAB1.4.5. Explica os trazos principais da cidade romana a partir de fontes históricas ou historiográficas. Temporalización: quince minutos de clase. Grao mínimo de consecución para superar a materia: explicar a estrutura básica dunha cidade romana. Procedementos e instrumentos de avaliación: probas escritas e exames visuais.

HAB1.4.6. Especifica as innovacións da escultura romana en relación coa grega. Temporalización: quince minutos de clase. Grao mínimo de consecución para superar a materia: explicar as diferenzas básicas entre as dúas esculturas. Procedementos e instrumentos de avaliación: probas escritas e exames visuais.

HAB1.4.7. Describe as características xerais dos mosaicos e a pintura en Roma a partir dunha fonte histórica ou historiográfica. Temporalización: quince minutos de clase. Grao mínimo de consecución para superar a materia: explicar as características básicas de mosaicos e pintura romanos. Procedementos e instrumentos de avaliación: probas escritas e exames visuais.

B1.5. Función social da arte en Roma.

HAB1.5.1. Especifica quen eran os/as principais clientes da arte romana, e a consideración social da arte e dos/das artistas. Temporalización: quince minutos de clase. Grao mínimo de consecución para superar a materia: explicar a función social da arte romana, especificando o papel desempeñado polos clientes e artistas, e as relacións entre eles. Procedementos e instrumentos de avaliación: probas escritas e exames visuais.

B1.6. Comentario de obras de arte: Roma.

HAB1.6.1. Identifica, analiza e comenta as seguintes obras arquitectónicas romanas: Maison Carrée de Nimes, Panteón de Roma, teatro de Mérida, Coliseo de Roma, basílica de Maxencio e Constantino en Roma, ponte de Alcántara, acueduto de Segovia, arco de Tito en Roma e columna de Traxano en Roma. Temporalización: catro horas de clase. Grao mínimo de consecución para superar a materia: clasificar, analizar e comentar as obras mencionadas

dende diferentes enfoques (técnico, formal, semántico, cultural, sociolóxico e histórico).
Procedementos e instrumentos de avaliación: comentarios de texto.

HAB1.6.2. Identifica, analiza e comenta as seguintes esculturas romanas: Augusto de Prima Porta, estatua ecuestre de Marco Aurelio, relevo do Arco de Tito (detalle dos soldados co candelabro e outros obxectos do Templo de Xerusalén) e relevo da columna de Traxano. Temporalización: dúas horas de clase. Grao mínimo de consecución para superar a materia: clasificar, analizar e comentar as obras mencionadas dende diferentes enfoques (técnico, formal, semántico, cultural, sociolóxico e histórico). Procedementos e instrumentos de avaliación: comentarios de texto.

B1.7. Traballo de investigación sobre historia da arte.

HAB1.7.1. Realiza un traballo de investigación sobre Fidias. Temporalización: media hora de clase. Grao mínimo de consecución para superar a materia: explicar a importancia de Fidias na construción da Acrópole de Atenas e o seu papel innovador na escultura. Procedementos e instrumentos de avaliación: traballo de investigación en grupo.

HAB1.7.2. Realiza un traballo de investigación sobre o debate acerca da autoría grega ou romana do grupo escultórico de "Laocoonte e os seus fillos". Temporalización: media hora de clase. Grao mínimo de consecución para superar a materia: explicar o por que do debate sobre a autoría do grupo escultórico "Laocoonte e os seus fillos". Procedementos e instrumentos de avaliación: traballo de investigación en grupo.

B1.8. Conservación do patrimonio: arte grecorromana.

HAB1.8.1. Confecciona un catálogo, con breves comentarios, das obras máis salientables da arte antiga que se conservan en Galicia. Temporalización: media hora de clase. Grao mínimo de consecución para superar a materia: presentar un traballo coas obras e as súas características máis destacadas da arte clásica en Galicia. Procedementos e instrumentos de avaliación: traballo de investigación. individual.

Bloque 2. Nacemento da tradición artística occidental: a arte medieval

B2.1. Achega cristiá na arquitectura e na iconografía.

HAB2.1.1. Explica as características esenciais da arte paleocristiá e a súa evolución no tempo a partir de fontes históricas ou historiográficas. Temporalización: media hora de clase. Grao mínimo de consecución para superar a materia: recoñecer e explicar as concepcións

estéticas e as características básicas da arte paleocristiá en relación co seu contexto histórico e cultural. Procedementos e instrumentos de avaliación: probas escritas e exames visuais.

HAB2.1.2. Describe a orixe, as características e a función da basílica paleocristiá. Temporalización: quince minutos de clase. Grao mínimo de consecución para superar a materia: explicar os orixes romanos basílica, as súas características básicas e cal era a súa función. Procedementos e instrumentos de avaliación: probas escritas e exames visuais.

HAB2.1.3. Describe as características e función dos baptisterios, mausoleos e "martiria" paleocristiáns, e as súas partes. Temporalización: quince minutos de clase. Grao mínimo de consecución para superar a materia: explicar as características básicas e as funcións dos baptisterios, mausoleos e "martiria" paleocristiáns. Procedementos e instrumentos de avaliación: probas escritas e exames visuais.

HAB2.1.4. Explica a evolución da pintura e o mosaico na arte paleocristiá, con especial referencia á iconografía. Temporalización: quince minutos de clase. Grao mínimo de consecución para superar a materia: explicar as características principais e significado dos mosaicos e pinturas paleocristiáns. Procedementos e instrumentos de avaliación: probas escritas e exames visuais.

B2.2. Arte bizantina.

HAB2.2.1. Explica as características esenciais da arte bizantina a partir de fontes históricas ou historiográficas. Temporalización: quince minutos de clase. Grao mínimo de consecución para superar a materia: recoñecer e explicar as concepcións estéticas e as características esenciais da arte bizantina en relación co seu contexto histórico e cultural. Procedementos e instrumentos de avaliación: probas escritas e exames visuais.

HAB2.2.2. Explica a arquitectura bizantina a través da igreja de Santa Sofía de Constantinopla. Temporalización: media hora de clase. Grao mínimo de consecución para superar a materia: explicar as liñas básicas da arquitectura bizantina e clasificar, analizar e comentar a obra mencionada dende diferentes enfoques (técnico, formal, semántico, cultural, sociolóxico e histórico). Procedementos e instrumentos de avaliación: probas escritas, exames visuais e comentarios de texto.

HAB2.2.3. Describe as características do mosaico bizantino e dos temas iconográficos do Pantocrátor e a Virxe e a Déesis, así como a súa influencia na arte occidental. Temporalización: quince minutos de clase. Grao mínimo de consecución para superar a

materia: explica as características básicas do mosaico bizantino e dos temas iconográficos do Pantocrátor e a Virxe e a Déesis, así como a súa influencia na arte occidental. Procedementos e instrumentos de avaliación: probas escritas e exames visuais.

B2.3. Comentario de obras de arte bizantina.

HAB2.3.1. Identifica, analiza e comenta o mosaico do Cortexo da emperatriz Teodora en San Vital de Rávena. Temporalización: media hora de clase. Grao mínimo de consecución para superar a materia: clasificar, analizar e comentar a obra mencionada dende diferentes enfoques (técnico, formal, semántico, cultural, sociolóxico e histórico). Procedementos e instrumentos de avaliación: probas escritas, exames visuais e comentarios de texto.

B2.4. Arte prerrománica.

HAB2.4.1. Define o concepto de arte prerrománica e especifica as súas manifestacións en España e en Galicia. Temporalización: media hora de clase. Grao mínimo de consecución para superar a materia: recoñecer e explicar as concepcións estéticas e as características esenciais da arte prerrománica en relación co seu contexto histórico e cultural. Procedementos e instrumentos de avaliación: probas escritas e exames visuais.

HAB2.4.2. Identifica e clasifica razoadamente no seu estilo as seguintes obras: San Pedro da Nave (Zamora), Santa María do Naranco (Oviedo), San Miguel da Escalada (León), Santa Comba de Bande e San Miguel de Celanova (Ourense). Temporalización: dúas horas de clase. Grao mínimo de consecución para superar a materia: clasificar, analizar e comentar as obras mencionadas dende diferentes enfoques (técnico, formal, semántico, cultural, sociolóxico e histórico). Procedementos e instrumentos de avaliación: comentarios de texto.

B2.5. Configuración e desenvolvemento da arte románica. Igrexas e mosteiros. Iconografía románica.

HAB2.5.1. Describe as características xerais da arte románica a partir de fontes históricas ou historiográficas. Temporalización: media hora de clase. Grao mínimo de consecución para superar a materia: recoñecer e explicar as concepcións estéticas e as características esenciais da arte románica en relación co seu contexto histórico e cultural. Procedementos e instrumentos de avaliación: probas escritas e exames visuais.

HAB2.5.2. Describe as características e as función das igrejas e dos mosteiros na arte

románica. Temporalización: media hora de clase. Grao mínimo de consecución para superar a materia: explicar as características básicas e as funcións esenciais das igrexas e dos mosteiros románicos. Procedementos e instrumentos de avaliación: probas escritas e exames visuais. Arquitectura do interior da Catedral de Santiago.

HAB2.5.3. Explica as características da escultura e a pintura románicas, con especial referencia á iconografía. Temporalización: unha hora de clase. Grao mínimo de consecución para superar a materia: explicar as características básicas da escultura e pintura románica e o seu significado. Procedementos e instrumentos de avaliación: probas escritas e exames visuais. Esculturas de Praterías e o Pórtico da Gloria.

B2.6. Función social da arte románica.

HAB2.6.1. Especifica as relacións entre artistas e clientes da arte románica. Temporalización: quince minutos de clase. Grao mínimo de consecución para superar a materia: explicar a función social da arte románica, especificando o papel de clientes e artistas e as relacións entre eles. Procedementos e instrumentos de avaliación: probas escritas e exames visuais.

B2.7. Comentario de obras de arte románica.

HAB2.7.1. Identifica, analiza e comenta as esculturas románicas do Xuízo Final no tímpano de Santa Fe de Conques (Francia). Temporalización: media hora de clase. Grao mínimo de consecución para superar a materia: clasificar, analizar e comentar a obra mencionada dende diferentes enfoques (técnico, formal, semántico, cultural, sociolóxico e histórico). Procedementos e instrumentos de avaliación: comentarios de texto.

B2.8. Achega do Gótico: expresión dunha cultura urbana. A catedral e a arquitectura civil. Modalidades escultóricas. Pintura italiana e flamenga, orixe da pintura moderna.

HAB2.8.1. Describe as características xerais da arte gótica a partir de fontes históricas ou historiográficas. Temporalización: media hora de clase. Grao mínimo de consecución para superar a materia: recoñecer e explicar as concepcións estéticas básicas e as características esenciais da arte gótica en relación co seu contexto histórico e cultural. Procedementos e instrumentos de avaliación: probas escritas e exames visuais.

HAB2.8.2. Describe as características e a evolución da arquitectura gótica e especifica os

cambios introducidos respecto á románica. Comezarase coas innovacións cara ao gótico. Os mosteiros cistercienses en Galicia, centrándose no mosteiro de Oseira. Temporalización: media hora de clase. Grao mínimo de consecución para superar a materia: explicar as características básicas da arquitectura gótica e a súa diferenciación con respecto a románica. Procedementos e instrumentos de avaliación: probas escritas e exames visuais. A Catedral de Reims (fachada occidental) e a Catedral de León.

HAB2.8.3. Describe as características e a evolución da escultura gótica, e especifica as súas diferenzas tipolóxicas, formais e iconográficas respecto á escultura románica. Temporalización: media hora de clase. Grao mínimo de consecución para superar a materia: explicar as características básicas da escultura gótica e a súa diferenciación con respecto a románica. Procedementos e instrumentos de avaliación: probas escritas e exames visuais. Anunciación e Visitación de Reims.

HAB2.8.4. Recoñece e explica as innovacións da pintura de Giotto e do Trecento italiano respecto á pintura románica e bizantina. Temporalización: media hora de clase. Grao mínimo de consecución para superar a materia: explicar as innovacións do Trecento italiano con respecto a pintura do resto de Europa. Procedementos e instrumentos de avaliación: probas escritas e exames visuais.

HAB2.8.5. Explica as innovacións da pintura flamenga do século XV e cita algunhas obras dos seus principais representantes. Temporalización: media hora de clase. Grao mínimo de consecución para superar a materia: explicar as innovacións básicas da pintura flamenga do século XIV. Procedementos e instrumentos de avaliación: probas escritas e exames visuais.

B2.9. Función social da arte gótica.

HAB2.9.1. Especifica as relacións entre artistas e clientes da arte gótica, e a súa variación respecto ao románico. Temporalización: quince minutos de clase. Grao mínimo de consecución para superar a materia: explicar a función social da arte gótica, especificando o papel desempeñado por clientes e artistas e as relacións entre eles. Procedementos e instrumentos de avaliación: probas escritas e exames visuais.

B2.10. Comentario de obras de arte gótica.

HAB2.10.1. Identifica, analiza e comenta as seguintes obras arquitectónicas cistercienses e góticas: interior do Mosteiro de Oseira, fachada occidental da catedral de Reims, interior da

planta superior da Sainte Chapelle de París. Temporalización: unha hora de clase. Grao mínimo de consecución para superar a materia: clasificar, analizar e comentar as obras mencionadas dende diferentes enfoques (técnico, formal, semántico, cultural, sociolóxico e histórico). Procedementos e instrumentos de avaliación: comentarios de texto.

HAB2.10.2. Identifica, analiza e comenta o grupo da Anunciación e a Visitación da catedral de Reims. Temporalización: media hora de clase. Grao mínimo de consecución para superar a materia: clasificar, analizar e comentar o grupo de obras mencionadas dende diferentes enfoques (técnico, formal, semántico, cultural, sociolóxico e histórico). Procedementos e instrumentos de avaliación: comentarios de texto.

HAB2.10.3. Identifica, analiza e comenta as seguintes pinturas góticas: escena de "A fuxida a Exipto" e "O pranto ante Cristo morto" de Giotto, na Capela Scrovegni de Padua, "Matrimonio Arnolfini", de Jan Van Eyck, "O descendemento da cruz", de Roger van der Weyden, e o "Xardín das Delicias, de Hieronymus Bosch. Temporalización: dúas horas de clase. Grao mínimo de consecución para superar a materia: clasificar, analizar e comentar as obras mencionadas dende diferentes enfoques (técnico, formal, semántico, cultural, sociolóxico e histórico). Procedementos e instrumentos de avaliación: comentarios de texto.

B2.11. O peculiar desenvolvemento artístico da Península Ibérica. Arte hispanomusulmá. O Románico no Camiño de Santiago. O Gótico e a súa longa duración.

HAB2.11.1. Explica as características e evolución da arte románica e gótica en España. Temporalización: media hora de clase. Grao mínimo de consecución para superar a materia: explicar a evolución da arte románica e gótica en España. Procedementos e instrumentos de avaliación: probas escritas e exames visuais.

HAB2.11.2. Explica as características xerais da arte islámica a partir de fontes históricas ou historiográficas. Temporalización: media hora de clase. Grao mínimo de consecución para superar a materia: explicar as características básicas da arte islámica. Procedementos e instrumentos de avaliación: probas escritas e exames visuais.

HAB2.11.3. Describe os trazos esenciais da mesquita e o pazo islámico. Temporalización: quince minutos de clase. Grao mínimo de consecución para superar a materia: explicar os características básicas da mesquita e do pazo islámico. Procedementos e instrumentos de avaliación: probas escritas e exames visuais.

HAB2.11.4. Explica a evolución da arte hispanomusulmá. Temporalización: quince minutos de clase. Grao mínimo de consecución para superar a materia: explicar a evolución da arte hispanomusulmá. Procedementos e instrumentos de avaliación: probas escritas e exames visuais.

HAB2.11.5. Explica as características da arte mudéxar e específica, con exemplos de obras concretas, as diferenzas entre o mudéxar popular e o cortesán. Temporalización: quince minutos de clase. Grao mínimo de consecución para superar a materia: explicar as características básicas da arte mudéxar, diferenciando o popular do cortesán. Procedementos e instrumentos de avaliación: probas escritas e exames visuais.

B2.12. Comentario de obras de arte medieval española.

HAB2.12.1. Identifica, analiza e comenta as seguintes obras arquitectónicas románicas: San Vicente de Cardona (Barcelona), San Martín de Frómista e a catedral de Santiago de Compostela. Temporalización: hora e media de clase. Grao mínimo de consecución para superar a materia: clasificar, analizar e comentar as obras mencionadas dende diferentes enfoques (técnico, formal, semántico, cultural, sociolóxico e histórico). Procedementos e instrumentos de avaliación: comentarios de texto.

HAB2.12.2. Identifica, analiza e comenta as seguintes esculturas románicas: "A dúbida de San Tomé", no ángulo do claustro de San Domingos de Silos (Burgos), "Última cea" do capitel historiado do claustro de San Xoán da Peña (Huesca) e fachada de Praterías e Pórtico da Gloria da catedral de Santiago. Temporalización: hora e media de clase. Grao mínimo de consecución para superar a materia: clasificar, analizar e comentar as obras mencionadas dende diferentes enfoques (técnico, formal, semántico, cultural, sociolóxico e histórico). Procedementos e instrumentos de avaliación: comentarios de texto.

HAB2.12.3. Identifica, analiza e comenta as seguintes pinturas murais románicas: bóveda da Anunciación aos pastores no Panteón Real de San Isidoro de León, e ábsida de San Clemente de Tahull (Lleida). Temporalización: hora e media de clase. Grao mínimo de consecución para superar a materia: clasificar, analizar e comentar as obras mencionadas dende diferentes enfoques (técnico, formal, semántico, cultural, sociolóxico e histórico). Procedementos e instrumentos de avaliación: comentarios de texto.

HAB2.12.4. Identifica, analiza e comenta as seguintes obras arquitectónicas góticas: fachada occidental e interior da catedral de León, interior da catedral de Barcelona, e interior da igrexa

de San Xoán dos Reis, de Toledo. Temporalización: hora e media de clase. Grao mínimo de consecución para superar a materia: clasificar, analizar e comentar as obras mencionadas dende diferentes enfoques (técnico, formal, semántico, cultural, sociolóxico e histórico). Procedementos e instrumentos de avaliación: comentarios de texto.

HAB2.12.5. Identifica, analiza e comenta as seguintes esculturas góticas: tímpano da Portada do Sarmental da catedral de Burgos, e retablo de Gil de Siloé, na Cartuxa de Miraflores (Burgos). Temporalización: hora e media de clase. Grao mínimo de consecución para superar a materia: clasificar, analizar e comentar as obras mencionadas dende diferentes enfoques (técnico, formal, semántico, cultural, sociolóxico e histórico). Procedementos e instrumentos de avaliación: comentarios de texto.

HAB2.12.6. Identifica, analiza e comenta as seguintes obras hispanomusulmás: Mesquita de Córdoba, Aljafería de Zaragoza, Giralda de Sevilla e Alhambra de Granada. Temporalización: hora e media de clase. Grao mínimo de consecución para superar a materia: clasificar, analizar e comentar as obras mencionadas dende diferentes enfoques (técnico, formal, semántico, cultural, sociolóxico e histórico). Procedementos e instrumentos de avaliación: comentarios de texto.

B2.13. Traballo de investigación sobre historia da arte.

HAB2.13.1. Realiza un traballo de investigación sobre o tratamento iconográfico e o significado da visión apocalíptica de Cristo e o Xuízo Final na arte medieval. Temporalización: media hora de clase. Grao mínimo de consecución para superar a materia: explicar o tratamento que se lle da desde o punto de vista iconográfico e o significado da visión apocalíptica de Cristo e o Xuízo Final. Procedementos e instrumentos de avaliación: traballo de investigación en grupo.

B2.14. Conservación do patrimonio: arte medieval.

HAB2.14.1. Explica a importancia da arte románica no Camiño de Santiago. Temporalización: media hora de clase. Grao mínimo de consecución para superar a materia: explicar a importancia da arte románica ao longo de todo o Camiño de Santiago. Procedementos e instrumentos de avaliación: probas escritas e exames visuais.

HAB2.14.2. Confecciona un catálogo, con breves comentarios, das obras máis salientables de arte medieval que se conservan en Galicia. Temporalización: media hora de clase. Grao mínimo de consecución para superar a materia: confeccionar un catálogo, con breves

comentarios, das obras máis importantes e destacadas da arte medieval galega. Procedementos e instrumentos de avaliación: traballo de investigación individual.

Bloque 3. Desenvolvemento e evolución da arte europea no mundo moderno

B3.1. Renacemento. Patróns e artistas. Orixe e desenvolvemento da nova linguaxe en arquitectura, escultura e pintura. Achegas de grandes artistas do Renacemento italiano.

HAB3.1.1. Explica as características esenciais do Renacemento italiano e a súa periodización a partir de fontes históricas ou historiográficas. Temporalización: quince minutos de clase. Grao mínimo de consecución para superar a materia: recoñecer e explicar as concepcións estéticas e as características esenciais da arte renacentista en relación co seu contexto histórico e cultural. Procedementos e instrumentos de avaliación: probas escritas e exames visuais.

HAB3.1.2. Especifica as características da arquitectura renacentista italiana e explica a súa evolución, desde o Quattrocento ao manierismo. Temporalización: quince minutos de clase. Grao mínimo de consecución para superar a materia: recoñecer e explicar as características esenciais da arquitectura renacentista e a súa evolución. Procedementos e instrumentos de avaliación: probas escritas e exames visuais.

HAB3.1.3. Especifica as características da escultura renacentista italiana e explica a súa evolución, desde o Quattrocento ao manierismo. Temporalización: quince minutos de clase. Grao mínimo de consecución para superar a materia: recoñecer e explicar as características esenciais da escultura renacentista e a súa evolución. Procedementos e instrumentos de avaliación: probas escritas e exames visuais.

HAB3.1.4. Especifica as características da pintura renacentista italiana e explica a súa evolución, desde o Quattrocento ao manierismo. Temporalización: quince minutos de clase. Grao mínimo de consecución para superar a materia: recoñecer e explicar as características esenciais da pintura renacentista e a súa evolución. Procedementos e instrumentos de avaliación: probas escritas e exames visuais.

HAB3.1.5. Compara a pintura italiana do Quattrocento coa dos pintores góticos flamengos contemporáneos. Temporalización: quince minutos de clase. Grao mínimo de consecución para superar a materia: recoñecer e diferenciar a pintura italiana do século XV coa flamenga contemporánea. Procedementos e instrumentos de avaliación: probas escritas e exames visuais.

HAB3.1.6. Explica a peculiaridade da pintura veneciana do Cinquecento e cita os artistas máis representativos. Temporalización: quince minutos de clase. Grao mínimo de consecución para superar a materia: explicar as características básicas da pintura veneciana do Cinquecento. Procedementos e instrumentos de avaliación: probas escritas e exames visuais.

B3.2. Función social da arte no Renacemento.

HAB3.2.1. Describe a práctica do patrocinio no Renacemento italiano e as novas reivindicacións dos artistas en relación co seu recoñecemento social e a natureza do seu labor. Temporalización: quince minutos de clase. Grao mínimo de consecución para superar a materia: explicar a función social da arte renacentista, especificando o papel desempeñado polos clientes e artistas, e as relacións entre eles. Procedementos e instrumentos de avaliación: probas escritas e exames visuais.

B3.3. Comentario de obras de arte: arte do Renacemento.

HAB3.3.1. Identifica, analiza e comenta as seguintes obras arquitectónicas do Renacemento italiano: cúpula de Santa María das Flores e interior da igrexa de San Lorenzo, ambas en Florencia e de Brunelleschi; pazo Médici-Riccardi en Florencia, de Michelozzo; fachada de Santa María Novella e do pazo Rucellai, ambos en Florencia e de Alberti; templo de San Pietro in Montorio en Roma, de Bramante; cúpula e proxecto de planta de San Pedro do Vaticano, de Michelangelo; Il Gesù en Roma, de Giacomo della Porta e Vignola; Villa Capra (Villa Rotonda) en Vicenza, de Palladio. Temporalización: tres horas de clase. Grao mínimo de consecución para superar a materia: clasificar, analizar e comentar as obras mencionadas dende diferentes enfoques (técnico, formal, semántico, cultural, sociolóxico e histórico). Procedementos e instrumentos de avaliación: comentarios de texto.

HAB3.3.2. Identifica, analiza e comenta as seguintes esculturas do Renacemento italiano: primeiro panel da "Porta do Paraíso" (da creación do mundo á expulsión do Paraíso), de Ghiberti; "David" e "Gattamelata", de Donatello; "Piedade" do Vaticano, "David", "Moisés" e as tumbas mediceas, de Michelangelo; "O rapto das sabinas", de Giambologna. Temporalización: dúas horas de clase. Grao mínimo de consecución para superar a materia: clasificar, analizar e comentar as obras mencionadas dende diferentes enfoques (técnico, formal, semántico, cultural, sociolóxico e histórico). Procedementos e instrumentos de avaliación: comentarios de texto.

HAB3.3.3. Identifica, analiza e comenta as seguintes pinturas do Renacemento italiano: "O tributo da moeda" e A "Trinidad", de Masaccio; "Anunciación" do Convento de San Marcos en

Florença, de Fra Angelico; "Madonna do Duque de Urbino", de Piero della Francesca; "A Virxe das rochas", "A última cea" e "A Gioconda", de Leonardo da Vinci; "A Escola de Atenas" de Rafael; a bóveda e o "Xuízo Final" da Capela Sixtina, de Michelangelo; "A tempestade", de Giorgione; "Venus de Urbino" e "Carlos V en Mühlberg", de Tiziano; "O lavatorio", de Tintoretto; "As vodas de Caná", de Veronés. Temporalización: cinco horas de clase. Grao mínimo de consecución para superar a materia: clasificar, analizar e comentar as obras mencionadas dende diferentes enfoques (técnico, formal, semántico, cultural, sociolóxico e histórico). Procedementos e instrumentos de avaliación: comentarios de texto.

B3.4. A recepción da estética renacentista na Península Ibérica.

HAB3.4.1. Especifica as características peculiares do Renacemento español en comparación co italiano. Temporalización: quince minutos de clase. Grao mínimo de consecución para superar a materia: recoñecer e explicar as concepcións estéticas e as características esenciais da arte renacentista española en relación co seu contexto histórico e cultural. Procedementos e instrumentos de avaliación: probas escritas e exames visuais.

HAB3.4.2. Describe a evolución da arquitectura renacentista española. Temporalización: quince minutos de clase. Grao mínimo de consecución para superar a materia: explicar as características esenciais da arquitectura renacentista española e a súa evolución. Procedementos e instrumentos de avaliación: probas escritas e exames visuais.

HAB3.4.3. Explica a peculiaridade da escultura renacentista española. Temporalización: quince minutos de clase. Grao mínimo de consecución para superar a materia: explicar as características esenciais da escultura renacentista española e a súa evolución. Procedementos e instrumentos de avaliación: probas escritas e exames visuais.

HAB3.4.4. Explica as características da pintura de El Greco a través dalgunhas das súas obras máis representativas. Temporalización: quince minutos de clase. Grao mínimo de consecución para superar a materia: explicar as características esenciais da pintura de El Greco. Procedementos e instrumentos de avaliación: probas escritas e exames visuais.

B3.5. Comentario de obras de arte: arte española do Renacemento.

HAB3.5.1. Identifica, analiza e comenta as seguintes obras arquitectónicas do Renacemento español: fachada da Universidade de Salamanca; pazo de Carlos V na Alhambra de Granada, de Pedro Machuca; mosteiro de San Lorenzo de El Escorial, de Juan de Herrera. Temporalización: dúas horas de clase. Grao mínimo de consecución para superar a materia: clasificar, analizar e comentar as obras mencionadas dende diferentes enfoques (técnico,

formal, semántico, cultural, sociolóxico e histórico). Procedementos e instrumentos de avaliación: comentarios de texto.

HAB3.5.2. Identifica, analiza e comenta as seguintes obras escultóricas do Renacemento español: "Sacrificio de Isaac" do retablo de San Bieito de Valladolid, de Alonso Berruguete; "Santo enterro", de Juan de Juni. Temporalización: unha hora de clase. Grao mínimo de consecución para superar a materia: clasificar, analizar e comentar as obras mencionadas dende diferentes enfoques (técnico, formal, semántico, cultural, sociolóxico e histórico). Procedementos e instrumentos de avaliación: comentarios de texto.

HAB3.5.3. Identifica, analiza e comenta as seguintes pinturas de El Greco: "O expolio", "A Santa Liga" ou "Adoración do nome de Xesús", "O martirio de San Mauricio", "O enterro do Señor de Orgaz", "A adoración dos pastores", "O cabaleiro da man no peito". Temporalización: dúas horas de clase. Grao mínimo de consecución para superar a materia: clasificar, analizar e comentar as obras mencionadas dende diferentes enfoques (técnico, formal, semántico, cultural, sociolóxico e histórico). Procedementos e instrumentos de avaliación: comentarios de texto.

B3.6. Unidade e diversidade do Barroco. Linguaxe artística ao servizo do poder civil e eclesiástico. Urbanismo barroco. Igrexas e pazos. Principais tendencias.

HAB3.6.1. Explica as características esenciais do Barroco. Temporalización: quince minutos de clase. Grao mínimo de consecución para superar a materia: recoñecer e explicar as concepcións estéticas e as características esenciais da arte barroca en relación co seu contexto histórico e cultural. Procedementos e instrumentos de avaliación: probas escritas e exames visuais.

HAB3.6.2. Especifica as diferenzas entre a concepción barroca da arte e a renacentista. Temporalización: quince minutos de clase. Grao mínimo de consecución para superar a materia: explicar as diferentes características entre as concepcións da arte barroca e renacentista. Procedementos e instrumentos de avaliación: probas escritas e exames visuais.

HAB3.6.3. Compara a arquitectura barroca coa renacentista. Temporalización: quince minutos de clase. Grao mínimo de consecución para superar a materia: explicar as diferentes características entre a arquitectura barroca e renacentista. Procedementos e instrumentos de avaliación: probas escritas e exames visuais.

HAB3.6.4. Explica as características xerais do urbanismo barroco. Temporalización: quince minutos de clase. Grao mínimo de consecución para superar a materia: explicar as características esenciais do urbanismo barroco. Procedementos e instrumentos de avaliación: probas escritas e exames visuais.

HAB3.6.5. Compara a escultura barroca coa renacentista a través da representación de "David" por Michelangelo e por Bernini. Temporalización: quince minutos de clase. Grao mínimo de consecución para superar a materia: explicar as diferentes características entre a escultura barroca e renacentista. Procedementos e instrumentos de avaliación: probas escritas e exames visuais.

HAB3.6.6. Describe as características xerais da pintura barroca e especifica as diferenzas entre a Europa católica e a protestante. Temporalización: quince minutos de clase. Grao mínimo de consecución para superar a materia: explicar as características esenciais da pintura barroca católica e protestante. Procedementos e instrumentos de avaliación: probas escritas e exames visuais.

HAB3.6.7. Distingue e caracteriza as grandes tendencias da pintura barroca en Italia e os seus principais representantes. Temporalización: quince minutos de clase. Grao mínimo de consecución para superar a materia: explicar as características esenciais da pintura barroca en Italia. Procedementos e instrumentos de avaliación: probas escritas e exames visuais.

HAB3.6.8. Especifica as peculiaridades da pintura barroca flamenga e holandesa. Temporalización: quince minutos de clase. Grao mínimo de consecución para superar a materia: explicar as características esenciais da pintura flamenga e holandesa. Procedementos e instrumentos de avaliación: probas escritas e exames visuais.

B3.7. Función social da arte no Barroco.

HAB3.7.1. Describe o papel desempeñado no século XVIII polas academias en toda Europa e, en particular, polo Salón de París. Temporalización: quince minutos de clase. Grao mínimo de consecución para superar a materia: explicar a función social da arte especificando o papel desempeñado por patróns, academias, clientes e artistas, e as relacións entre eles. Procedementos e instrumentos de avaliación: probas escritas e exames visuais.

B3.8. Comentario de obras de arte: arte no barroco.

HAB3.8.1. Identifica, analiza e comenta as seguintes obras arquitectónicas do Barroco europeo do século XVII: fachada de San Pedro do Vaticano, de Carlo Maderno; columnata da praza de San Pedro do Vaticano, de Bernini; San Carlos das Catro Fontes en Roma, de Borromini; Pazo de Versailles, de Le Vau, J.H. Mansart e Le Nôtre. Temporalización: dúas horas de clase. Grao mínimo de consecución para superar a materia: clasificar, analizar e comentar as obras mencionadas dende diferentes enfoques (técnico, formal, semántico, cultural, sociolóxico e histórico). Procedementos e instrumentos de avaliación: comentarios de texto.

HAB3.8.2. Identifica, analiza e comenta as seguintes esculturas de Bernini: "David", "Apolo" e "Dafne", "A éxtase de Santa Teresa", "Cátedra de San Pedro". Temporalización: dúas horas de clase. Grao mínimo de consecución para superar a materia: clasificar, analizar e comentar as obras mencionadas dende diferentes enfoques (técnico, formal, semántico, cultural, sociolóxico e histórico). Procedementos e instrumentos de avaliación: comentarios de texto.

HAB3.8.3. Identifica, analiza e comenta as seguintes pinturas do Barroco europeo do século XVII: "Vocación de San Mateo" e "Morte da Virxe", de Caravaggio; "Triunfo de Baco e Ariadna", na bóveda do pazo Farnese de Roma, de Annibale Carracci; "Adoración do nome de Xesús", bóveda de Il Gesù en Roma, de Gaulli (Il Baciccia); "Adoración dos Magos", "As tres Grazas" e "O xardín do Amor", de Rubens; "A lección de anatomía do doutor Tulpy", "A rolda nocturna", de Rembrandt. Temporalización: catro horas de clase. Grao mínimo de consecución para superar a materia: clasificar, analizar e comentar as obras mencionadas dende diferentes enfoques (técnico, formal, semántico, cultural, sociolóxico e histórico). Procedementos e instrumentos de avaliación: comentarios de texto.

B3.9. Barroco hispánico. Urbanismo e arquitectura. Imaxinaría barroca. Achega da pintura española: grandes figuras do Século de Ouro.

HAB3.9.1. Explica as características do urbanismo barroco en España e a evolución da arquitectura española durante o século XVII. Esta unidade substituirase polo barroco compostelán, analizando a obra de Domingo de Andrade (torre do reloxo da Catedral de Santiago), Fernando de Casas (fachada do Obradoiro) e Simón Rodríguez (fachada do convento de Santa Clara de Santiago). Temporalización: quince minutos de clase. Grao mínimo de consecución para superar a materia: explicar as características esenciais do barroco compostelán. Procedementos e instrumentos de avaliación: probas escritas e exames visuais.

HAB3.9.2. Explica as características da imaxinaría barroca española do século XVII e compara a escola castelá coa andaluza. Temporalización: quince minutos de clase. Grao mínimo de consecución para superar a materia: explicar as características esenciais da imaxinaría barroca

castelá e andaluza do século XVII. Procedementos e instrumentos de avaliación: probas escritas e exames visuais.

HAB3.9.3. Explica as características xerais da pintura española do século XVII. Temporalización: quince minutos de clase. Grao mínimo de consecución para superar a materia: explicar as características esenciais da pintura barroca española do século XVII. Procedementos e instrumentos de avaliación: probas escritas e exames visuais.

HAB3.9.4. Describe as características e evolución da pintura de Velázquez a través dalgúns das súas obras máis significativas. Temporalización: quince minutos de clase. Grao mínimo de consecución para superar a materia: explicar as características esenciais e as distintas etapas da pintura de Velázquez. Procedementos e instrumentos de avaliación: probas escritas e exames visuais.

B3.10. Comentario de obras de arte: arte española do Barroco.

HAB3.10.1. Identifica, analiza e comenta as seguintes obras arquitectónicas do Barroco español do século XVII: Praza Maior de Madrid, de Xoán Gómez de Mora; Retablo de Santo Estevo de Salamanca, de Churriguera. Temporalización: unha hora de clase. Grao mínimo de consecución para superar a materia: clasificar, analizar e comentar as obras mencionadas dende diferentes enfoques (técnico, formal, semántico, cultural, sociolóxico e histórico). Procedementos e instrumentos de avaliación: comentarios de texto.

HAB3.10.2. Identifica, analiza e comenta as seguintes esculturas do Barroco español do século XVII: "Piedad", de Gregorio Fernández; "Inmaculada do facistol", de Alonso Cano; "Magdalena penitente", de Pedro de Mena. Temporalización: unha hora de clase. Grao mínimo de consecución para superar a materia: clasificar, analizar e comentar as obras mencionadas dende diferentes enfoques (técnico, formal, semántico, cultural, sociolóxico e histórico). Procedementos e instrumentos de avaliación: comentarios de texto.

HAB3.10.3. Identifica, analiza e comenta as seguintes pinturas españolas do Barroco español do século XVII: "Martirio de San Filipe", "O soño de Xacob" e "O zambro", de Ribera; "Bodegón" do Museo do Prado, de Zurbarán; "O augador de Sevilla", "Os borrachos", "A fragua de Vulcano", "A rendición de Breda", "O Príncipe Baltasar Carlos a cabalo", "A Venus do espello", "As meninas" e "As fiandeiras", de Velázquez; "A Sagrada Familia do paxariño", "A Inmaculada de El Escorial", "Os nenos da concha" e "Nenos xogando aos dados", de Murillo. Temporalización: catro horas de clase. Grao mínimo de consecución para superar a materia: clasificar, analizar e comentar as obras mencionadas dende diferentes enfoques (técnico, formal, semántico, cultural, sociolóxico e histórico). Procedementos e instrumentos de avaliación: comentarios de texto.

B3.11. Século XVIII. Mantemento do Barroco. Refinamento rococó. Neoclasicismo e Romanticismo.

HAB3.11.1. Explica o século XVIII como época de coexistencia de vellos e novos estilos artísticos nun contexto histórico de cambios profundos. Temporalización: quince minutos de clase. Grao mínimo de consecución para superar a materia: explicar as concepcións estéticas e as características esenciais da última etapa do Barroco e os primeiros pasos no Neoclasicismo e Romanticismo no século XVIII. Procedementos e instrumentos de avaliación: probas escritas e exames visuais.

HAB3.11.2. Compara o Barroco tardío e o Rococó, e especifica a diferente concepción da vida e a arte que encerran. Temporalización: quince minutos de clase. Grao mínimo de consecución para superar a materia: explicar as diferenzas básicas entre o Barroco tardío e o Rococó. Procedementos e instrumentos de avaliación: probas escritas e exames visuais.

HAB3.11.3. Explica as razóns do xurdimento do Neoclasicismo e as súas características xerais en arquitectura, escultura e pintura. Temporalización: quince minutos de clase. Grao mínimo de consecución para superar a materia: explicar por que xorde o neoclasicismo e as súas características esenciais. Procedementos e instrumentos de avaliación: probas escritas e exames visuais.

HAB3.11.4. Comenta a escultura neoclásica a través da obra de Canova. Temporalización: quince minutos de clase. Grao mínimo de consecución para superar a materia: explicar as características fundamentais da escultura neoclásica. Procedementos e instrumentos de avaliación: probas escritas e exames visuais.

HAB3.11.5. Especifica as posibles coincidencias entre o Neoclasicismo e o Romanticismo na pintura de David. Temporalización: quince minutos de clase. Grao mínimo de consecución para superar a materia: explicar as características fundamentais das pinturas neoclásica e romántica. Procedementos e instrumentos de avaliación: probas escritas e exames visuais.

HAB3.11.6. Distingue entre a corrente tradicional e a clasicista da arquitectura barroca española do século XVIII. Temporalización: quince minutos de clase. Grao mínimo de consecución para superar a materia: explicar as diferenzas básicas entre a corrente tradicional e a clasicista da arquitectura barroca española do século XVIII. Procedementos e instrumentos de avaliación: probas escritas e exames visuais.

HAB3.11.7. Explica a figura de Salzillo como derradeiro representante da imaxinaría relixiosa española en madeira policromada. Temporalización: quince minutos de clase. Grao mínimo de

consecución para superar a materia: explicar as características fundamentais das esculturas de Salzillo. Procedementos e instrumentos de avaliación: probas escritas e exames visuais.

B3.12. Comentario de obras de arte: arte do século XVIII.

HAB3.12.1. Identifica, analiza e comenta as seguintes obras arquitectónicas do século XVIII: fachada do Hospicio de San Fernando de Madrid, de Pedro de Ribera; fachada do Obradoiro da catedral de Santiago de Compostela, de Casas e Novoa; Pazo Real de Madrid, de Juvara e Sacchetti; Panteón de París, de Soufflot; Museo do Prado en Madrid, de Juan de Villanueva. Temporalización: dúas horas de clase. Grao mínimo de consecución para superar a materia: clasificar, analizar e comentar as obras mencionadas dende diferentes enfoques (técnico, formal, semántico, cultural, sociolóxico e histórico). Procedementos e instrumentos de avaliación: comentarios de texto.

HAB3.12.2. Identifica, analiza e comenta as seguintes obras escultóricas do século XVIII: "A oración no horto", de Salzillo; "Eros e Psique" e "Paulina Bonaparte", de Canova. Temporalización: unha hora de clase. Grao mínimo de consecución para superar a materia: clasificar, analizar e comentar as obras mencionadas dende diferentes enfoques (técnico, formal, semántico, cultural, sociolóxico e histórico). Procedementos e instrumentos de avaliación: comentarios de texto.

HAB3.12.3. Identifica, analiza e comenta as seguintes obras de David: "O xuramento dos Horacios" e "A morte de Marat". Temporalización: unha hora de clase. Grao mínimo de consecución para superar a materia: clasificar, analizar e comentar as obras mencionadas dende diferentes enfoques (técnico, formal, semántico, cultural, sociolóxico e histórico). Procedementos e instrumentos de avaliación: comentarios de texto.

B3.13. Traballo de investigación en historia da arte.

HAB3.13.1. Realiza un traballo de investigación sobre o proceso de construción da nova basílica de San Pedro do Vaticano ao longo dos séculos XVI e XVII. Temporalización: media hora de clase. Grao mínimo de consecución para superar a materia: explicar o proceso de construción da nova basílica de San Pedro do Vaticano ao longo dos séculos XVI e XVII. Procedementos e instrumentos de avaliación: traballo de investigación en grupo.

B3.14. Conservación do patrimonio: arte moderna.

HAB3.14.1. Confecciona un catálogo, con breves comentarios, das obras máis salientables da arte dos séculos XVI ao XVIII que se conservan en Galicia. Temporalización: media hora de clase. Grao mínimo de consecución para superar a materia: presentar un traballo coas obras e

as súas características máis destacadas da arte dos séculos XVI ao XVIII en Galicia. Procedementos e instrumentos de avaliación: traballo de investigación individual.

Bloque 4. O século XIX: a arte dun mundo en transformación

B4.1. A figura de Goya.

HAB4.1.1. Analiza a evolución da obra de Goya como pintor e gravador, desde a súa chegada á Corte ata o seu exilio final en Bordeos. Temporalización: quince minutos de clase. Grao mínimo de consecución para superar a materia: recoñecer e explicar as características esenciais das distintas etapas de Goya. Procedementos e instrumentos de avaliación: probas escritas e exames visuais.

HAB4.1.2. Compara a visión de Goya nas series de gravados "Os caprichos" e "Os disparates ou proverbios". Temporalización: quince minutos de clase. Grao mínimo de consecución para superar a materia: explicar a visión goyesca de caprichos e disparates. Procedementos e instrumentos de avaliación: probas escritas e exames visuais.

B4.2. Comentario de obras de arte: Goya.

HAB4.2.1. Identifica, analiza e comenta as seguintes obras de Goya: "O parasol", "A familia de Carlos IV", "O 2 de maio de 1808 en Madrid" ("A loita cos mamelucos"), "Os fusilamentos do 3 de maio de 1808"; desastre nº 15 ("E non hai remedio") da serie "Os desastres da guerra"; "Saturno devorando un fillo" e "A leiteira de Burdeos". Temporalización: tres horas de clase. Grao mínimo de consecución para superar a materia: clasificar, analizar e comentar as obras mencionadas dende diferentes enfoques (técnico, formal, semántico, cultural, sociolóxico e histórico). Procedementos e instrumentos de avaliación: comentarios de texto.

B4.3. A Revolución Industrial e o impacto dos novos materiais na arquitectura. Do Historicismo ao Modernismo. A Escola de Chicago. Nacemento do urbanismo moderno.

HAB4.3.1. Describe as características e a evolución da arquitectura do ferro no século XIX, en relación cos avances e as necesidades da revolución industrial. Temporalización: quince minutos de clase. Grao mínimo de consecución para superar a materia: explicar as características esenciais da arquitectura do ferro do século XIX. Procedementos e instrumentos de avaliación: probas escritas e exames visuais.

HAB4.3.2. Explica as diferenzas entre enxeñeiros e arquitectos na primeira metade do século

XIX. Temporalización: quince minutos de clase. Grao mínimo de consecución para superar a materia: explicar as diferenzas básicas entre arquitectos e enxeñeiros na primeira metade do XIX. Procedementos e instrumentos de avaliación: probas escritas e exames visuais.

HAB4.3.3. Explica as características do neoclasicismo arquitectónico durante o Imperio de Napoleón. Temporalización: quince minutos de clase. Grao mínimo de consecución para superar a materia: recoñecer e explicar as concepcións estéticas e as características esenciais da arte neoclásica en relación co seu contexto histórico e cultural. Procedementos e instrumentos de avaliación: probas escritas e exames visuais.

HAB4.3.4. Explica as características do historicismo en arquitectura e a súa evolución cara ao eclecticismo. Temporalización: quince minutos de clase. Grao mínimo de consecución para superar a materia: recoñecer e explicar as concepcións estéticas e as características esenciais do historicismo en arquitectura e a súa evolución. Procedementos e instrumentos de avaliación: probas escritas e exames visuais.

HAB4.3.5. Explica as características e principais tendencias da arquitectura modernista. Temporalización: quince minutos de clase. Grao mínimo de consecución para superar a materia: recoñecer e explicar as concepcións estéticas e as características esenciais da arquitectura modernista. Procedementos e instrumentos de avaliación: probas escritas e exames visuais.

HAB4.3.6. Especifica as achegas da Escola de Chicago á arquitectura. Temporalización: quince minutos de clase. Grao mínimo de consecución para superar a materia: recoñecer e explicar as achegas da Escola de Chicago. Procedementos e instrumentos de avaliación: probas escritas e exames visuais.

HAB4.3.7. Describe as características e os obxectivos das remodelacións urbanas de París, Barcelona e Madrid na segunda metade do século XIX. Temporalización: quince minutos de clase. Grao mínimo de consecución para superar a materia: explicar as características esenciais do urbanismo en París, Madrid e Barcelona na segunda metade do século XIX. Procedementos e instrumentos de avaliación: probas escritas e exames visuais.

B4.4. Comentario de obras de arte: arquitectura do século XIX.

HAB4.4.1. Identifica, analiza e comenta as seguintes obras arquitectónicas: templo da Madalena en París, de Vignon; Parlamento de Londres, de Barry e Pugin; Auditorio de

Chicago, de Sullivan e Adler; torre Eiffel de París; templo da Sagrada Familia en Barcelona, de Gaudí. Temporalización: dúas horas de clase. Grao mínimo de consecución para superar a materia: clasificar, analizar e comentar as obras mencionadas dende diferentes enfoques (técnico, formal, semántico, cultural, sociolóxico e histórico). Procedementos e instrumentos de avaliación: comentarios de texto.

B4.5. Evolución da pintura: Romanticismo, Realismo, Impresionismo e Simbolismo. Os postimpresionistas, xerme das vangardas pictóricas do século XX.

HAB4.5.1. Describe as características do Romanticismo na pintura e distingue entre o romanticismo da liña de Ingres e o romanticismo da cor de Gericault e Delacroix. Temporalización: quince minutos de clase. Grao mínimo de consecución para superar a materia: recoñecer e explicar as concepcións estéticas e as características esenciais do Romanticismo na pintura. Procedementos e instrumentos de avaliación: probas escritas e exames visuais.

HAB4.5.2. Compara as visións románticas da paisaxe en Constable e Turner. Temporalización: quince minutos de clase. Grao mínimo de consecución para superar a materia: explicar as diferenzas básicas entre as paisaxes de Constable e Turner. Procedementos e instrumentos de avaliación: probas escritas e exames visuais.

HAB4.5.3. Explica o Realismo e a súa aparición no contexto dos cambios sociais e culturais de mediados do século XIX. Temporalización: quince minutos de clase. Grao mínimo de consecución para superar a materia: recoñecer e explicar as concepcións estéticas e as características esenciais do Realismo. Procedementos e instrumentos de avaliación: probas escritas e exames visuais.

HAB4.5.4. Compara o Realismo co Romanticismo. Temporalización: quince minutos de clase. Grao mínimo de consecución para superar a materia: explicar as diferenzas básicas entre o realismo e o Romanticismo. Procedementos e instrumentos de avaliación: probas escritas e exames visuais.

HAB4.5.5. Describe as características xerais do Impresionismo e o Neoimpresionismo. Temporalización: quince minutos de clase. Grao mínimo de consecución para superar a materia: recoñecer e explicar as concepcións estéticas e as características esenciais do Impresionismo e o Neoimpresionismo. Procedementos e instrumentos de avaliación: probas escritas e exames visuais.

HAB4.5.6. Define o concepto de postimpresionismo e especifica as achegas de Cézanne e Van Gogh como precursores das grandes correntes artísticas do século XX. Temporalización: quince minutos de clase. Grao mínimo de consecución para superar a materia: recoñecer e explicar as concepcións estéticas e as características esenciais do Postimpresionismo. Procedementos e instrumentos de avaliación: probas escritas e exames visuais.

HAB4.5.7. Explica o Simbolismo de finais do século XIX como reacción fronte ao Realismo e ao Impresionismo. Temporalización: quince minutos de clase. Grao mínimo de consecución para superar a materia: recoñecer e explicar as concepcións estéticas e as características esenciais do Simbolismo. Procedementos e instrumentos de avaliación: probas escritas e exames visuais.

B4.6. Función social da arte no século XIX.

HAB4.6.1. Explica os cambios que se producen no século XIX nas relacións entre artistas e clientes, referidos á pintura. Temporalización: quince minutos de clase. Grao mínimo de consecución para superar a materia: explicar a función social da arte do século XIX, especificando o papel desempeñado polos clientes e artistas, e as relacións entre eles. Procedementos e instrumentos de avaliación: probas escritas e exames visuais.

B4.7. Comentario de obras de arte: o século XIX.

HAB4.7.1. Identifica, analiza e comenta as seguintes pinturas do século XIX: "O baño turco", de Ingres; "A balsa da Medusa", de Gericault; "A liberdade guiando ao pobo", de Delacroix; "O carro de feo", de Constable; "Chuvia, vapor e velocidade", de Turner; "O enterro de Ornans", de Courbet; "O ánxelus", de Millet; "Almorzo sobre a herba", de Manet; "Impresión, sol nacente" e a serie sobre a Catedral de Ruán, de Monet; "Le Moulin de la Galette", de Renoir; "Unha tarde de domingo na Grande Jatte", de Seurat; "Xogadores de cartas" e "Natureza morta con froiteiro", de Cézanne; "A noite estrelada" e "O segador", de Van Gogh; "Visión despois do sermón" e "O mercado" ("Ta matete"), de Gauguin. "A tarde de domingo na Grande Jatte" de Seurat. Temporalización: cinco horas de clase. Grao mínimo de consecución para superar a materia: clasificar, analizar e comentar as obras mencionadas dende diferentes enfoques (técnico, formal, semántico, cultural, sociolóxico e histórico). Procedementos e instrumentos de avaliación: comentarios de texto.

B4.8. Escultura: mantemento do clasicismo. Rodin.

HAB4.8.1. Relaciona a produción e o academicismo dominante na escultura do século XIX coas transformacións levadas a cabo nas cidades (monumentos conmemorativos en prazas, parques e avenidas, e esculturas funerarias nos novos cemiterios). Temporalización: quince minutos de clase. Grao mínimo de consecución para superar a materia: explicar as características esenciais da escultura do século XIX en relación co seu contexto histórico e cultural. Procedementos e instrumentos de avaliación: probas escritas e exames visuais.

HAB4.8.2. Explica as características da renovación escultórica emprendida por Rodin. Temporalización: quince minutos de clase. Grao mínimo de consecución para superar a materia: recoñecer e explicar as concepcións estética e as características esenciais da escultura de Rodin. Procedementos e instrumentos de avaliación: probas escritas e exames visuais.

B4.9. Comentario de obras de arte: século XIX.

HAB4.9.1. Identifica, analiza e comenta as seguintes obras de Rodin: "O pensador" e "Os burgueses de Calais". Temporalización: unha hora de clase. Grao mínimo de consecución para superar a materia: clasificar, analizar e comentar as obras mencionadas dende diferentes enfoques (técnico, formal, semántico, cultural, sociolóxico e histórico). Procedementos e instrumentos de avaliación: comentarios de texto.

B4.10. Traballo de investigación en historia da arte.

HAB4.10.1. Realiza un traballo de investigación sobre as exposicións universais do século XIX e a súa importancia desde o punto de vista arquitectónico. Temporalización: quince minutos de clase. Grao mínimo de consecución para superar a materia: explicar a importancia das exposicións universais dende o punto de vista arquitectónico. Procedementos e instrumentos de avaliación: traballo de investigación en grupo.

HAB4.10.2. Realiza un traballo de investigación sobre a influencia da fotografía e o gravado xaponés no desenvolvemento do Impresionismo, con referencias a obras concretas. Temporalización: quince minutos de clase. Grao mínimo de consecución para superar a materia: explicar a influencia da fotografía e o gravado xaponés no Impresionismo. Procedementos e instrumentos de avaliación: traballo de investigación en grupo.

B4.11. Conservación do patrimonio: arte do século XIX.

HAB4.11.1. Confecciona un catálogo, con breves comentarios, das obras máis salientables da

arte do século XIX que se conservan en Galicia. Temporalización: quince minutos de clase. Grao mínimo de consecución para superar a materia: presentar un traballo coas obras e as súas características máis destacadas da arte do século XIX en Galicia. Procedementos e instrumentos de avaliación: traballo de investigación. individual.

Bloque 5. A ruptura da tradición: a arte na primeira metade do século XX

B5.1. O fenómeno das vangardas nas artes plásticas: Fauvismo, Cubismo, Futurismo, Expresionismo, pintura abstracta, Dadaísmo e Surrealismo.

HAB5.1.1. Define o concepto de vangarda artística en relación co acelerado ritmo de cambios na sociedade da época e a liberdade creativa dos/das artistas iniciada na centuria anterior. Temporalización: quince minutos de clase. Grao mínimo de consecución para superar a materia: explicar o concepto de vangarda artística en relación co seu contexto histórico e cultural. Procedementos e instrumentos de avaliación: probas escritas e exames visuais.

HAB5.1.2. Describe a orixe e as características do Fauvismo. Temporalización: quince minutos de clase. Grao mínimo de consecución para superar a materia: explicar as características esenciais da arte fauvista en relación co seu contexto histórico e cultural. Procedementos e instrumentos de avaliación: probas escritas e exames visuais.

HAB5.1.3. Describe o proceso de xestión e as características do Cubismo, distinguindo entre o Cubismo analítico e o sintético. Temporalización: quince minutos de clase. Grao mínimo de consecución para superar a materia: recoñecer e explicar as características esenciais da arte cubista en relación co seu contexto histórico e cultural. Procedementos e instrumentos de avaliación: probas escritas e exames visuais.

HAB5.1.4. Describe o ideario e os principios do futurismo. Temporalización: quince minutos de clase. Grao mínimo de consecución para superar a materia: recoñecer e explicar as características esenciais da arte futurista en relación co seu contexto histórico e cultural. Procedementos e instrumentos de avaliación: probas escritas e exames visuais.

HAB5.1.5. Identifica os antecedentes do expresionismo no século XIX, explica as súas características xerais e especifica as diferenzas entre os grupos alemáns "A ponte" e "O xinete azul". Temporalización: quince minutos de clase. Grao mínimo de consecución para superar a materia: explicar as características dos antecedentes do expresionismo e os seus grupos en relación co seu contexto histórico e cultural. Procedementos e instrumentos de

avaliación: probas escritas e exames visuais.

HAB5.1.6. Describe o proceso de xestación e as características da pintura abstracta, distingue a vertente cromática e a xeométrica, e especifica algunhas das súas correntes máis significativas, como o Suprematismo ruso ou o Neoplasticismo. Temporalización: quince minutos de clase. Grao mínimo de consecución para superar a materia: recoñecer e explicar as características esenciais da arte abstracta, vertentes e correntes en relación co seu contexto histórico e cultural. Procedementos e instrumentos de avaliación: probas escritas e exames visuais.

HAB5.1.7. Describe as características do Dadaísmo como actitude provocadora nun contexto de crise. Temporalización: quince minutos de clase. Grao mínimo de consecución para superar a materia: recoñecer e explicar as características esenciais da arte dadaísta en relación co seu contexto histórico e cultural. Procedementos e instrumentos de avaliación: probas escritas e exames visuais.

HAB5.1.8. Explica a orixe, as características e os obxectivos do Surrealismo. Temporalización: quince minutos de clase. Grao mínimo de consecución para superar a materia: recoñecer e explicar as características esenciais da arte surrealista en relación co seu contexto histórico e cultural. Procedementos e instrumentos de avaliación: probas escritas e exames visuais.

HAB5.1.9. Explica a importancia dos pintores españois Picasso, Miró e Dalí no desenvolvemento das vangardas artísticas. Temporalización: quince minutos de clase. Grao mínimo de consecución para superar a materia: recoñecer e explicar as características esenciais dos pintores Picasso, Miró e Dalí en relación co seu contexto histórico e cultural. Procedementos e instrumentos de avaliación: probas escritas e exames visuais.

HAB5.1.10. Explica a renovación temática, técnica e formal da escultura na primeira metade do século XX, distinguindo as obras relacionadas coas vangardas pictóricas e as que utilizan recursos ou linguaxes independentes. Temporalización: quince minutos de clase. Grao mínimo de consecución para superar a materia: recoñecer e explicar as características esenciais da escultura na primeira metade do século XX en relación co seu contexto histórico e cultural. Procedementos e instrumentos de avaliación: probas escritas e exames visuais.

B5.2. Comentario de obras de arte: a plástica na primeira metade do século XX.

HAB5.2.1. Identifica, analiza e comenta as seguintes obras: "A alegría de vivir", de Matisse; "As señoritas de Aviñón", "Retrato de Ambroise Vollard", "Natureza morta con cadeira de reixa de cana" e "Guernica", de Picasso; "A cidade que emerxe", de Boccioni; "O berro", de Munch; "A rúa", de Kirchner; "Primeira Acuarela abstracta", "Lírica" e "Sobre branco II", de Kandinsky; "Cadrado negro", de Malevich; "Táboa número 1", de Mondrian; "A fonte" e "L.H.O.O.Q.", de Duchamp; "O elefante das Celebes", de Ernst; "A chave dos campos", de Magritte; "O entroido de Arlequín" e "Mulleres e paxaros á luz da lúa", de Miró; "O xogo lúgubre" e "A persistencia da memoria", de Dalí. Temporalización: seis horas de clase. Grao mínimo de consecución para superar a materia: clasificar, analizar e comentar as obras mencionadas dende diferentes enfoques (técnico, formal, semántico, cultural, sociolóxico e histórico). Procedementos e instrumentos de avaliación: comentarios de texto.

HAB5.2.2. Identifica, analiza e comenta as seguintes obras escultóricas: "O profeta", de Gargallo; "Formas únicas de continuidade no espazo", de Boccioni; "Fonte", de Duchamp; "Muller peiteándose ante un espello", de Xulio González; "Mademoiselle Pogany I", de Brancusi; "Lagosta, nasa e cola de peixe", de Calder; "Figura reclinada", de Henry Moore. Temporalización: tres horas de clase. Grao mínimo de consecución para superar a materia: clasificar, analizar e comentar as obras mencionadas dende diferentes enfoques (técnico, formal, semántico, cultural, sociolóxico e histórico). Procedementos e instrumentos de avaliación: comentarios de texto.

B5.3. Renovación da linguaxe arquitectónica: o funcionalismo do Movemento Moderno e a arquitectura orgánica.

HAB5.3.1. Explica o proceso de configuración e os trazos esenciais do Movemento Moderno en arquitectura. Temporalización: quince minutos de clase. Grao mínimo de consecución para superar a materia: recoñecer e explicar as concepcións estéticas e as características esenciais do Movemento Moderno en arquitectura en relación co seu contexto histórico e cultural. Procedementos e instrumentos de avaliación: probas escritas e exames visuais.

HAB5.3.2. Especifica as achegas da arquitectura orgánica ao Movemento Moderno. Temporalización: quince minutos de clase. Grao mínimo de consecución para superar a materia: recoñecer e explicar as concepcións estéticas e as características esenciais da arquitectura orgánica ao Movemento Moderno en relación co seu contexto histórico e cultural. Procedementos e instrumentos de avaliación: probas escritas e exames visuais.

B5.4. Comentario de obras de arte: arquitectura da primeira metade do século XX.

HAB5.4.1. Identifica, analiza e comenta as seguintes obras arquitectónicas: edificio da Bauhaus en Dessau (Alemaña), de Gropius; pavillón de Alemaña en Barcelona, de Mies van

der Rohe; Vila Saboia en Poissy (Francia), de Le Corbusier; casa Kaufman (Casa da Cascada), de Frank Lloyd Wright. Temporalización: dúas horas de clase. Grao mínimo de consecución para superar a materia: clasificar, analizar e comentar as obras mencionadas dende diferentes enfoques (técnico, formal, semántico, cultural, sociolóxico e histórico). Procedementos e instrumentos de avaliación: comentarios de texto.

B5.5. Traballo de investigación en Historia da Arte.

HAB5.5.1. Realiza un traballo de investigación sobre o Grupo de Artistas e Técnicos Españois Para o Progreso da Arquitectura Contemporánea (GATEPAC). Temporalización: quince minutos de clase. Grao mínimo de consecución para superar a materia: explicar a importancia do Grupo de Artistas e Técnicos Españois Para o Progreso da Arquitectura Contemporánea (GATEPAC) e o seu papel innovador na arquitectura. Procedementos e instrumentos de avaliación: traballo de investigación en grupo.

B5.6. Conservación do patrimonio: arte do século XX.

HAB5.6.1. Selecciona unha obra arquitectónica, unha escultura ou unha pintura da primeira metade do século XX, das existentes en Galicia, e xustifica a súa elección. Temporalización: quince minutos de clase. Grao mínimo de consecución para superar a materia: presentar un traballo coas tres obras e as súas características máis destacadas e explicar por que se elixiron. Procedementos e instrumentos de avaliación: traballo de investigación. individual.

Bloque 6. A universalización da arte desde a segunda metade do século XX

B6.1. Predominio do Movemento Moderno ou Estilo Internacional en arquitectura. A arquitectura á marxe do estilo internacional: High Tech, arquitectura Posmoderna e Deconstrución.

HAB6.1.1. Explica o papel desempeñado no proceso de universalización da arte polos medios de comunicación de masas e as exposicións e feiras internacionais de arte. Temporalización: quince minutos de clase. Grao mínimo de consecución para superar a materia: explicar someramente a influencia que tivo na universalización da arte o papel desempeñado polos medios de comunicación e as exposicións e feiras internacionais. Procedementos e instrumentos de avaliación: probas escritas e exames visuais.

HAB6.1.2. Explica as razóns do mantemento e a difusión internacional do Movemento Moderno en arquitectura. Temporalización: quince minutos de clase. Grao mínimo de

consecución para superar a materia: explicar someramente as razóns da expansión do Movemento Moderno en arquitectura. Procedementos e instrumentos de avaliación: probas escritas e exames visuais.

HAB6.1.3. Distingue e describe as características doutras tendencias arquitectónicas á marxe do Movemento Moderno ou Estilo Internacional, en particular a High Tech, a posmoderna e a deconstrución. Temporalización: quince minutos de clase. Grao mínimo de consecución para superar a materia: explicar someramente as concepcións estéticas e as características esenciais da arquitectura de High Tech, a posmoderna e a deconstrución. Procedementos e instrumentos de avaliación: probas escritas e exames visuais.

B6.2. Comentario de obras de arte: arquitectura desde a segunda metade do século XX.

HAB6.2.1. Identifica, analiza e comenta as seguintes obras: "A casa Saboya" e "Unité d'habitation" en Marsella, de Le Corbusier; Pabellón de Alemania en Barcelona e edificio Seagram en Nova York, de Mies van der Rohe e Philip Johnson; A casa da fervenza e o museo Guggenheim de Nova York, de F. Lloyd Wright; a Casa da Ópera de Sydney, de J. Utzon; o centro Pompidou de París, de R. Piano e R. Rogers; o AT & T Building de Nova York, de Philip Johnson; o museo Guggenheim de Bilbao, de F. O. Gehry. Temporalización: catro horas de clase. Grao mínimo de consecución para superar a materia: clasificar, analizar e comentar as obras mencionadas dende diferentes enfoques (técnico, formal, semántico, cultural, sociolóxico e histórico). Procedementos e instrumentos de avaliación: comentarios de texto.

B6.3. Artes plásticas: das segundas vangardas á posmodernidade.

HAB6.3.1. Explica e compara o Informalismo europeo e o Expresionismo abstracto norteamericano. Temporalización: quince minutos de clase. Grao mínimo de consecución para superar a materia: explicar as diferenzas básicas entre os dous estilos pictóricos. Procedementos e instrumentos de avaliación: probas escritas e exames visuais.

HAB6.3.2. Explica a abstracción postpictórica. Temporalización: quince minutos de clase. Grao mínimo de consecución para superar a materia: explicar as características esenciais da abstracción postpictórica. Procedementos e instrumentos de avaliación: probas escritas e exames visuais.

HAB6.3.3. Explica o Minimalismo. Temporalización: quince minutos de clase. Grao mínimo de consecución para superar a materia: explicar as características esenciais do Minimalismo.

Procedementos e instrumentos de avaliación: probas escritas e exames visuais.

HAB6.3.4. Explica a arte cinética e a Op-Art. Temporalización: quince minutos de clase. Grao mínimo de consecución para superar a materia: explicar as características esenciais da arte cinética e a Op-Art. Procedementos e instrumentos de avaliación: probas escritas e exames visuais.

HAB6.3.5. Explica a arte conceptual. Temporalización: quince minutos de clase. Grao mínimo de consecución para superar a materia: explicar as características esenciais da arte conceptual. Procedementos e instrumentos de avaliación: probas escritas e exames visuais.

HAB6.3.6. Explica a Arte Povera. Temporalización: quince minutos de clase. Grao mínimo de consecución para superar a materia: explicar as características esenciais da Arte Povera. Procedementos e instrumentos de avaliación: probas escritas e exames visuais.

HAB6.3.7. Distingue e explica algunhas das principais correntes figurativas: Pop-Art, Nova Figuración, Hiperrealismo. Temporalización: quince minutos de clase. Grao mínimo de consecución para superar a materia: explicar as características esenciais do Pop-Art, Nova Figuración e Hiperrealismo. Procedementos e instrumentos de avaliación: probas escritas e exames visuais.

HAB6.3.8. Explica en que consisten as seguintes manifestacións de arte non duradeira: Happening, Body Art e Land Art. Temporalización: quince minutos de clase. Grao mínimo de consecución para superar a materia: explicar as características esenciais da Happening, Body Art e Land Art. Procedementos e instrumentos de avaliación: probas escritas e exames visuais.

HAB6.3.9. Describe os formulacións xerais da posmodernidade, referida ás artes plásticas. Temporalización: quince minutos de clase. Grao mínimo de consecución para superar a materia: explicar someramente a postmodernidade nas artes plásticas. Procedementos e instrumentos de avaliación: probas escritas e exames visuais.

B6.4. Comentario de obras de arte: a arte desde a segunda metade do século XX.

HAB6.4.1. Identifica o autor e a corrente artística (non necesariamente o título), e analiza e comenta as seguintes obras: "Pintura" (Museo Nacional Centro de Arte Reina Sofía de Madrid), de Tapies; "Grito nº 7", de Antonio Saura; "One: number 31, 1950", de J. Pollock;

"Ctesiphon III", de F. Stella; "Equivalente VIII", de Carl André; "Vega 200", de Vasarely; "Unha e tres cadeiras", de J. Kosuth; "Iglú con árbore", de Mario Merz; "Marilyn Monroe" (serigrafía de 1967), de A. Warhol; "O Papa que berra" (estudo a partir do retrato do Papa Inocencio X), de Francis Bacon; "A Gran Vía madrileña en 1974", de Antonio López. Temporalización: catro horas de clase. Grao mínimo de consecución para superar a materia: clasificar, analizar e comentar as obras mencionadas dende diferentes enfoques (técnico, formal, semántico, cultural, sociolóxico e histórico). Procedementos e instrumentos de avaliación: comentarios de texto.

B6.5. Novos sistemas visuais: fotografía, cine e televisión, cartelismo e cómic. Combinación de linguaxes expresivas.

HAB6.5.1. Explica brevemente o desenvolvemento dos novos sistemas visuais e as características da súa linguaxe expresiva: fotografía, cartel, cine, cómic, producións televisivas, videoarte e arte por computador. Temporalización: quince minutos de clase. Grao mínimo de consecución para superar a materia: explicar someramente as características esenciais da fotografía, cartel, cine, cómic, producións televisivas, videoarte e arte por computador. Procedementos e instrumentos de avaliación: probas escritas e exames visuais.

B6.6. Impacto das novas tecnoloxías na difusión e na creación artística.

HAB6.6.1. Especifica as posibilidades que ofrecen as novas tecnoloxías para a creación artística e para a difusión da arte. Temporalización: quince minutos de clase. Grao mínimo de consecución para superar a materia: explicar de forma moi breve as posibilidades que ofrecen as novas tecnoloxías para a creación artística e para a difusión da arte. Procedementos e instrumentos de avaliación: probas escritas e exames visuais.

B6.7. Arte e cultura visual de masas.

HAB6.7.1. Define o concepto de cultura visual de masas, e describe os seus trazos esenciais. Temporalización: quince minutos de clase. Grao mínimo de consecución para superar a materia: definir de forma moi breve o concepto de cultura visual de masas. Procedementos e instrumentos de avaliación: probas escritas e exames visuais.

HAB6.7.2. Identifica a arte nos diferentes ámbitos da vida cotiá. Temporalización: quince minutos de clase. Grao mínimo de consecución para superar a materia: Por exemplos da presenza da arte no mundo actual. Procedementos e instrumentos de avaliación: probas

escritas e exames visuais.

B6.8. O patrimonio artístico como riqueza cultural. A preocupación pola súa conservación. A UNESCO.

HAB6.8.1. Explica a orixe do Patrimonio Mundial da UNESCO e os seus obxectivos. Temporalización: quince minutos de clase. Grao mínimo de consecución para superar a materia: explicar a orixe e obxectivos da UNESCO. Procedementos e instrumentos de avaliación: probas escritas e exames visuais.

HAB6.8.2. Realiza un traballo de investigación relacionado cos bens artísticos de España e de Galicia inscritos no catálogo do Patrimonio Mundial da UNESCO. Temporalización: quince minutos de clase. Grao mínimo de consecución para superar a materia: presentar un traballo coas obras e as súas características máis destacadas dos bens artísticos españois e galegos inscritos como Patrimonio Mundial da Unesco. Procedementos e instrumentos de avaliación: traballo de investigación individual.

Bloque 7. O vocabulario artístico

B7.1. Vocabulario artístico.

HAB7.1.1. Utiliza con corrección a terminoloxía especificadas artes en exposicións orais e escritas. Temporalización: todo o curso. Grao mínimo de consecución para superar a materia: utilizar a terminoloxía específica da arte nas exposicións orais e escritas, denominando con precisión os elementos e as técnicas principais. Procedementos e instrumentos de avaliación: traballo de investigación. individual.

Temporalización:

Na primeira avaliación desenvolveranse os bloques 1 e 2. Na segunda avaliación desenvolveranse os bloques 3 e 4. Na terceira avaliación desenvolveranse os bloques 5 e 6. O bloque 7 ao versar sobre vocabulario artístico desenvolverase durante todo o curso nas tres avaliacións.

Os contidos mínimos para Historia da Arte de 2º de BAC son:

- 1-Analizar e valora-la dificultade de definición da arte, e comparar os cambios producidos no seu concepto e as funcións en distintos momentos históricos e en diferentes culturas.
- 2-Utilizar un método de análise da obra de arte que teña en conta tódolos elementos que a conforman: estéticos, do contexto histórico e do artista.
- 3-Analizar as obras de arte significativas dos principais estilos e artistas da arte occidental e de Galicia, a partir de diversas metodoloxías, situándoas no seu contexto histórico-artístico e recoñecer as posibles influencias e a súa pervivencia na arte posterior.
- 4-Manexar con precisión e rigor a terminoloxía específica de cada unha das artes visuais.
- 5-Interpretar os principais códigos iconográficos da cultura visual de Occidente.
- 6-Recoñecer e situar no tempo e no espacio obras de arte representativas dunha época histórica, sinalando as diferentes concepcións estéticas e trazos estilísticos que permiten a súa clasificación.
- 7-Identificar e localiza-los trazos característicos máis destacados que configuran os estilos artísticos máis representativos do mundo occidental, así como as diferencias e os cambios.
- 8-Recoñece-las obras máis representativas dos grandes mestres da Historia da Arte, con especial atención ós artistas españois e galegos, distinguindo os trazos diferenciais do seu estilo e o que de innovación representa a súa obra para a Historia da Arte.
- 9-Identificar e analiza-las características das vangardas artísticas e as principais tendencias desenvolvidas durante este século.
- 10-Analiza-la presenza da obra de arte na vida cotiá a través dos medios de comunicación e a súa utilización como produto de consumo.
- 11-Observar, analizar e valorar directamente monumentos artísticos e obras de arte, no seu contexto orixinal, en museos ou exposicións, especialmente do propio contorno.
- 12-Planificar itinerarios histórico-artísticos subliñando as obras de arte que se han de visitar, obtendo e elaborando a información pertinente.
- 13-Realizar actividades de documentación e indagación a través de fontes de información diversas (textos, imaxes, plantas, alzados, planos, etc.), sobre determinados aspectos da creación artística.
- 14-Utilizar un método de comentario que integre a valoración obxectiva da corrección formal.

3. Metodoloxía didáctica

1. Os centros docentes implementarán metodoloxías que teñan en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado e as súas características individuais e/ou estilos de aprendizaxe, co fin de conseguir que todo o alumnado alcance o máximo desenvolvemento das súas capacidades. Así mesmo, estas metodoloxías deberán favorecer a capacidade do alumnado para aprender por si mesmo, para traballar en equipo e promover o traballo en equipo, e para aplicar métodos de investigación apropiados.

2. A metodoloxía que se utilice no bacharelato favorecerá o traballo individual e en grupo, o pensamento autónomo, crítico e rigoroso, o uso de técnicas e hábitos de investigación en distintos campos do saber, a capacidade do alumnado de aprender por si mesmo, así como a transferencia e a aplicación do aprendido.

3. As tecnoloxías da información e da comunicación serán unha ferramenta necesaria para a aprendizaxe en todas as materias, tanto polo seu carácter imprescindible na educación superior como pola súa utilidade e relevancia para a vida cotiá e a inserción laboral.

A historia da arte, como todas as ciencias sociais, é unha disciplina rica en información, pero se aspiramos a facer dos nosos alumnos estudantes seguros de si mesmos debemos darlles a oportunidade de buscar a información de forma independente, e non dállela sempre elaborada. Este sistema de ensino, defendido por múltiples autores, implica o tratamento de fontes diferentes para cada unha das unidades, un proceso que debe ser gradual para que o alumno se vaia acostumando. Desta maneira, a aprendizaxe parte dun ensino activo.

A metodoloxía que se pretende seguir cos novos presupostos didácticos é de carácter comprensivo e conta coa participación activa do alumno. O importante, pois, non é o que o profesor ensina, senón o que o alumno aprende; por iso, é máis apropiada unha metodoloxía participativa.

Para manter a atención dos alumnos, convén utilizar os novos medios técnicos como formas alternativas de buscar información. Serven, ó mesmo tempo, para potenciar a presenza do mundo de hoxe na aula.

Outro elemento primordial de toda aprendizaxe comprensiva é facer o maior uso posible das relacións dos novos coñecementos con esquemas que o alumno teña xa adquiridos ou estean en fase de adquisición. Dada a simultaneidade dalgúns temas nos currículos de varias materias que se imparten no mesmo curso, é un recurso metodolóxico inestimable a interdisciplinabilidade. Ademais, é posible referirse a materias impartidas xa nos anteriores como música ou plástica, que prestarán os seus logros para unha mellor comprensión do campo da arte. Os problemas de lectura formal dun cadro poden facerse máis fáciles cando lembran os seus traballos sobre perspectivas, gradacións cromáticas, variación de paleta, etc.

En calquera caso, o método empregado debe ir sempre de acordo cos obxectivos que se pretenden conseguir. Se o que se pretende é que o alumno adquira uns coñecementos de arte que non sexan memorísticos, deberase fuxir dunha exposición sistemática de artistas e obras. Traballarase con elas, pero observándoas como unha mostra dun determinado período. O importante é recoñecer unha obra do renacemento ou do barroco, independentemente do artista que a producise.

Preténdese tamén que o alumno domine, ó final do curso escolar, un vocabulario científico da materia. Dado que o vocabulario é moi específico e a miúdo descoñecido para os alumnos, resulta adecuado ir ampliando pouco a pouco o elenco de termos técnicos.

Tamén está presente no deseño curricular a necesidade de concibir a arte como algo vivo e actual, unha realidade coa que o alumno se encontra a diario. É importante que o alumnado comprobe que os coñecementos adquiridos na aula os pode atopar nos edificios do seu contorno.

Do mesmo modo, preténdese situar o alumno no período histórico correspondente a cada un dos estilos, non só a modo de introdución, senón analizando o carácter histórico das obras de arte, a súa imbricación nun tempo concreto e nun devir histórico determinado. Perséguese, así, que o alumnado comprobe a estreita relación entre a historia e a arte, o que lles permitirá entender mellor os estilos e as obras xeradas en cada período.

Todo o anteriormente exposto conséguese mediante a utilización na aula de tratamentos diferentes da información e alternando os procedementos de traballo. A isto é necesario engadirle a observación de diapositivas, imprescindible en calquera clase de arte, a lectura de fontes iconográficas, a utilización periódica de libros de arte, os comentarios en grupo, os vídeos, as novas tecnoloxías, que actúan como actividade globalizadora. Desta forma, amplíase a súa sensibilidade ó tempo que aprenden a recoñecer estéticas e estilos diferentes. Ó principio de cada unidade son necesarias as clases expositivas, pois é tarefa do profesor centrar os aspectos máis relevantes dun estilo.

Materiais e recursos didácticos:

Ademais do xa exposto na metodoloxía, contamos, como apoio para a explicación da materia, con medios didácticos suficientes e apropiados para axudar a unha mellor comprensión dos conceptos: bibliografía, láminas, fotografías para facer un estudio das principais obras de cada estilo, colección de diapositivas, CD-ROM's, vídeos, DVD's, internet, presentacións en PowerPoint...

4. Avaliación e cualificación

Artigo 33. *Avaliacións*

1. Os referentes para a comprobación do grao de adquisición das competencias e o logro dos obxectivos da etapa nas avaliacións continua e final das materias dos bloques de materias troncaís, específicas e de libre configuración autonómica, serán os criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe que figuran nos anexos I, II e III a este decreto.

2. A avaliación da aprendizaxe do alumnado será continua e diferenciada segundo as materias, terá un carácter formativo e será un instrumento para a mellora tanto dos procesos de ensino como dos procesos de aprendizaxe.

3. Estableceranse as medidas máis adecuadas para que as condicións de realización das avaliacións, incluída a avaliación final de etapa, se adapten ás necesidades do alumnado con necesidade específica de apoio educativo; estas adaptacións non se terán en conta en ningún caso para minorar as cualificacións obtidas.

4. O profesorado avaliará tanto as aprendizaxes do alumnado como os procesos de ensino e a súa propia práctica docente, para o que establecerá indicadores de logro nas programacións didácticas.

Criterios de cualificación

Os procedementos e instrumentos para a avaliación serán os seguintes:

- Exames ou probas de avaliación específicas, que serán o procedemento principal de avaliación, e suporá como mínimo o 85% da cualificación final.

Para cualificar os exames teranse en conta os criterios xerais e específicos da materia, así como a claridade na expresión, na redacción, sen incoherencias, o coñecemento preciso e adecuado de conceptos e termos artísticos, a utilización dun método de análise ordenado para cada obra de arte, a diferenciación dos estilos e movementos artísticos de cada época. Será igualmente obxecto de valoración a expresión escrita, tanto gramatical como ortográfica; a fin de contribuír na adquisición de competencia lingüística, poderanse aplicar os criterios de ortografía determinados nos departamentos correspondentes.

- Realizarase un exame como mínimo por avaliación; os exames serán similares ás probas de acceso á Universidade: comentario de dúas láminas valoradas en 4 puntos cada unha, que incluírán: Clasificación, contexto histórico-artístico, e análise formal e técnico das obras máis destacadas das Unidades Didácticas; diferenciación de conceptos artísticos a través dunha cuestión de definición de termos artísticos, valorado en 0,5 cada un; o alumnado coñecerá con anterioridade o tipo de exercicio que vai realizar, o número e tipo de preguntas, e a puntuación prevista para cada unha delas, por suposto serán cuestións teóricas e prácticas relativas a cada Unidade Didáctica.

- Realización de tarefas de carácter obrigatorio orientadas a fomentar o esforzo, a aprendizaxe autónoma e o pensamento crítico, así como a facilitar a asimilación dos contidos: elaboración e ampliación dos apuntamentos, esquemas, resúmenes, exercicios. Esta parte da cualificación será ponderada polo profesor xunto a: observación do traballo do alumno na aula, entrega de

exercicios, participación na aula e adquisición de coñecementos específicos, así como actitude, interese, asistencia diaria. Este apartado suporá un 15% como máximo da cualificación.

O profesor fixará exercicios e diferentes probas para que o alumnado poida recuperar a materia pendente; a realización deses exercicios e probas é obrigatoria e non realizalas pode supor a non recuperación da materia.

A cualificación final será a media aritmética da nota das tres avaliacións. No caso de terse presentado a algunha recuperación terase en conta a nota do exame de recuperación para facer media. A nota de aprobado será 5, as notas inferiores a 5 implican non superar a materia, xa que o redondeo se ten realizado nas respectivas avaliacións.

Avaliación extraordinaria

A avaliación extraordinaria consistira nun exame cunha parte teórica e outra práctica. Deixar un bloque sen resposta implica suspender a proba.

A nota do exame supón o 100% da cualificación.

5. Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente.

Indicadores para avalar o proceso de ensino.

Descritor: Recoñecer e explicar as concepcións estéticas e as características esenciais dos diferentes estilos da arte en relación co seu contexto histórico e cultural.

Indicador de logro baixo: Ter dificultades para explicalo.

Indicador de logro medio: Explicalo sen dificultade de forma sinxela.

Indicador de logro alto: Explicalo ao máximo nivel de forma excelente.

Descritor: Explicar a función social da arte nos diferentes períodos históricos, especificando o papel desempeñado polos clientes e artistas, e as relacións entre eles.

Indicador de logro baixo: Ter dificultades para explicalo.

Indicador de logro medio: Explicalo sen dificultade de forma sinxela.

Indicador de logro alto: Explicalo ao máximo nivel de forma excelente.

Descritor: Clasificar, analizar e comentar obras de arte dende diferentes enfoques (técnico, formal, semántico, cultural, sociolóxico e histórico).

Indicador de logro baixo: Ter dificultades para clasificar e analizar

Indicador de logro medio: Clasificar e analizar sen dificultade de forma sinxela.

Indicador de logro alto: Clasificar e analizar ao máximo nivel de forma excelente.

Descritor: Explicar as diferenzas básicas entre dous estilos ou entre dúas obras de arte.

Indicador de logro baixo: Ter dificultades para diferencialos.

Indicador de logro medio: Diferencialos sen dificultade de forma sinxela.

Indicador de logro alto: Diferencialos ao máximo nivel de forma excelente.

Descritor: Traballo de investigación.

Indicador de logro baixo: Traballo mal feito ou copiado.

Indicador de logro medio: Traballo ben feito de forma sinxela.

Indicador de logro alto: Traballo feito ao máximo nivel de forma excelente.

Descritor: Traballo sobre conservación do patrimonio.

Indicador de logro baixo: Traballo mal feito ou copiado.

Indicador de logro medio: Traballo ben feito de forma sinxela.

Indicador de logro alto: Traballo feito ao máximo nivel de forma excelente.

Indicadores para avaliar a práctica docente.

Ao rematar o curso pasaráselle a todos os alumnos e alumnas un cuestionario para que valoren o ano académico que rematou relacionado coa materia de Historia da Arte. No cuestionario pediráselle que valoren de 1 a 5, sendo 1 a cualificación máis baixa e 5 a máis alta, os seguintes aspectos:

- A forma de dar as clases o profesor.
- A metodoloxía empregada.
- A división de bloques por avaliación.
- Os comentarios e cuestións que se mandan facer na casa.
- Os traballos que se realizan individualmente ou en grupo.
- O tipo de exames parciais.
- O tipo de exames globais.
- Os criterios de avaliación.
- Os criterios de cualificación.
- O que sinten que aprenderon.

Ademais teranse en conta as cualificacións finais acadadas polo alumnado e o resultado das probas externas.

Coas respostas dos cuestionarios e as cualificacións do alumnado, farase unha reflexión para mellorar o enfoque da materia o próximo curso escolar.

6. Elementos transversais

O tratamento dos temas transversais está garantido en todas as unidades da programación, xa que para poder entender determinadas realidades artísticas hai que entender as formas de pensamento das sociedades e culturas que as producen. Por este motivo, en todas as

unidades se tratan a modo de introdución as formas de pensamento e a filosofía dos diferentes períodos históricos. Non é posible explicar a busca da beleza racional da arte grega sen facer mención da teoría de Platón sobre o mundo das ideas e, pola mesma razón, resulta moi difícil comprender a linguaxe románica se non se ten presente o medo á fin do mundo que rexía neses tempos.

As relacións históricas e a importancia que os cambios sociais e económicos tiveron no campo da arte, sobre todo no que se refire ós clientes que encargan as obras, é outro aspecto tratado en profundidade ó longo dos diferentes períodos. Destacouse sempre a importancia das relacións políticas, responsables do nacemento ou da desaparición de estilos. Tal é o caso do renacemento italiano ou da pintura barroca hispana, por citar dous exemplos.

En canto á iconografía, é fundamental a contribución do campo da mitoloxía. A utilización dos textos bíblicos é unha das fontes máis apropiadas para o seu estudo, polo que debe tratar nas diferentes unidades para poder axudar na comprensión da temática relixiosa.

Estes contidos transversais poden incluírse en diversas categorías:

- Educación moral e cívica.
- Educación para a saúde e a calidade de vida.
- Educación para a paz.
- Educación para a igualdade entre os sexos.
- Educación ambiental.
- Educación do consumidor.
- Educación viaria.
- Educación para o ocio.
- Educación sexual.

7. Actividades complementarias e extraescolares

Con independencia de que se programen visitas a lugares de interese histórico no contorno do Centro, procuraremos realizar unha visita dirixida a Santiago

Desenvolveremos esta experiencia docente dando a coñecer, dunha forma xeral, diferentes momentos da historia desta cidade, facendo fincapé nos tempos do Románico e do Barroco.

Trátase de coñecer, a través da observación directa, diferentes épocas e estilos dende a Catedral ou dende San Martiño Pinario, visitar a Colexiata do Sar, Santo Domingo, Santa Clara, San Francisco..., valorar as súas prazas e rúas...

A visita programada a Santiago realizarase no segundo ou terceiro trimestre do curso académico.

8. Medidas de atención á diversidade

Hai que ter en conta que neste curso, 2º de Bacharelato, a atención á diversidade só pode facerse partindo dunha mesma base de coñecementos, xa que o Bacharelato é unha etapa que non abrangue toda a poboación escolar. Por iso, máis que atención ós diferentes niveis dentro da aula, hai que falar de actividades de reforzo para aqueles alumnos ós que lles resulte máis complexo enfrontarse á metodoloxía empregada.

Tal é o obxectivo das clases prácticas, que son horas dedicadas á análise e comentario de láminas en grupos pequenos. Estas clases, programadas ó final de cada unidade, permiten que o alumno revise conceptos mal aprendidos e, ó tempo, posibilitan que os mesmos compañeiros lle axuden a ver determinadas características das obras, co que se potenciará a súa capacidade de comentario artístico.

Outro recurso posible é a utilización de guións para a lectura das obras por niveis de comprensión. O alumno poderá aplicarlos el mesmo a obras diferentes ás propostas na aula. Sempre que algunha alumna ou alumno teñan problemas de catalogación ou lectura das obras, poderán empregar os guións baixo a supervisión do profesor.

Por último proporase ós alumnos que, en cada tema, entreguen comentarios escritos de dúas obras que non se traballaran especificamente na aula. Este recurso, de carácter voluntario, permite que os alumnos e as alumnas se enfronten con obras non vistas anteriormente e apliquen os principios xerais do estilo, de modo que comprobén os seus coñecementos.

9. Contribución ao plan lector

O fomento da lectura convértese nunha actividade prioritaria para comprender textos escritos, para redactar correctamente e para expresarse oralmente de forma axeitada. Nunha materia como Historia da arte a falta de competencia lingüística convértese nun dos principais obstáculos. Parece, polo tanto, preciso fomentar a lectura para garantir a comprensión lingüística dos alumnos.

- En primeiro lugar, potenciarase a lectura dos libros de texto así como as páxinas específicas dedicadas á lectura.
- Empregaranse textos motivadores, normalmente de carácter narrativo ou periodístico, coa finalidade de que os alumnos aprendan Historia da arte non só a través do texto expositivo, senón tamén doutros tipos de texto. Así mesmo ensinaráselles aos alumnos a ler textos históricos dun xeito pautado. Os alumnos aprenderán a situar os textos no seu contexto histórico e xeográfico, e a seleccionar as ideas principais. Por outra banda aprenderán a realizar actividades de contraste de fontes e de integración da información de varias fontes.
- En terceiro lugar promoverase que os alumnos lean un conxunto de informacións para que formen a súa propia opinión sobre temas polémicos e de debatelos cos seus compañeiros.
- En cuarto lugar intentarase que os alumnos aprendan a identificar os aspectos

subxectivos dos textos e a reflexionar sobre a función que cumpriron. Ademais analizarán textos de todo tipo: políticos, testemuñais, literarios, etc.

- En quinto lugar, proporcionaranse actividades específicas de comprensión lectora para axudar aos alumnos a comprender o que len ao mesmo tempo que realizan actividades que os axudarán. Estas actividades de comprensión lectora poden ser de varios tipos:
 - Actividades sobre o vocabulario máis difícil ou específico.
 - Actividades de selección das ideas principais e que están expresadas de forma explícita no texto.
 - Actividades sobre as ideas implícitas, os matices do texto e as relacións entre as ideas (causa-efecto, comparación, semellanza...) difíciles de descubrir polos alumnos, pois adoitan estar ocultos no texto.
 - Actividades de realización de cadros, esquemas, táboas, etc., ferramentas que son moi útiles para comprender e estudar. actividades en que se pide aos alumnos que dean a súa opinión persoal e que implican a transformación do estudado en coñecemento propio.

10. Contribución ao plan das TICs

As novas tecnoloxías da información e a comunicación (TIC) forman parte do proxecto educativo actual. Por unha banda, a aparición de Internet supuxo unha revolución na forma de procurar e tratar a información, ata o punto de que se ten convertido na principal fonte de información para case todos; por iso, cómpre que lles ensinemos aos alumnos a manexar Internet e a aproveitar as posibilidades que ofrece para a nosa materia. As novas tecnoloxías ábrenlles novos camiños e formas de traballar na clase, que poden resultar motivadoras para os alumnos e moi potentes desde o punto de vista didáctico. As posibilidades de traballar coas novas tecnoloxías son varias, cada profesor pode elixir, segundo os seus gustos e necesidades

- Pódese recorrer a Internet para buscar información sobre actividades ou diversos aspectos da materia.
- Pódense empregar recursos multimedia, con presentacións audiovisuais para cada un dos temas. Estas presentacións poden proxectarse de dúas maneiras: ben nunha pizarra dixital, se houbera, ben simplemente cun ordenador e un canón. Estas presentacións poden incluír animacións, vídeos, imaxes, esquemas, textos e actividades que poden proxectarse ao longo da explicación na clase e que, sen dúbida, farán máis rica e interesante a exposición.